


XEADA:

665 Reás = 33 Pesos = 1 Euro

Nº 1 - Ano 32 - Maio 2024


XORNAL ^{DO} I.E.S. ANTONIO FRAGUAS



LUISA VILLALTA

LETRAS GALEGAS 2024

IES ANTONIO FRAGUAS
BIBLIOTECA
EDLG




Non só é o 25 Son os 365



25

NOVEMBRO
EQUIPO DE IGUALDADE



Sumario

Encontro coa escritora Andrea Maceiras.....	4
Luísa.....	10
Medio vaso de auga.....	12
Adeus.....	15
O inferno de Marta.....	16
Entrevista a Iria Misa.....	19
Entrevista a Héctor Cajaraville.....	24
Semana Cultural.....	26
O calendario do Fraguas.....	29
O les Antonio Fraguas baila ao son de muiñeira, ballroom, swing e urban.....	31
XVII CONCURSO DE MICRORRELATOS.....	32
X Edición Concurso relatos de auga intelixente.....	34
1956 - A derradeira viaxe (Concurso Coca-Cola).....	36
Lolé.....	37
Luísa Villalta.....	38
Unha Lección De Vida.....	40
Burbullas de amor.....	42
Cambio climático.....	43
Recanto da Poesía.....	46
O noso Entroido.....	48
Remedios Varo.....	49
Tamara de Lempicka.....	50
Maruja Mallo.....	52
Visítanos un Inspector!.....	54
O les Antonio Fraguas e as súas agrupacións corais.....	56
Club de Ciencia Fragoliñ@S!.....	58
Teixeiro: Unha experiencia moi humana:	
- Di K Non - Parte I.....	60
- Di K Non - Parte II.....	61
- Di K Non - Parte III.....	62
Pandemia silenciosa: A educación sexual a través da pornografía.....	64

D.L.: C 1040-2013

Editorial

Nos últimos tempos son moitas as loidas que circulan polas redes sociais e que, nalgúns ocasións, contaminan a información dos medios de comunicación de sempre, considerados máis serios e fiábeis. Noticias falsas argalladas coa malévola intención partidista de desprestixiar ante a opinión pública ideoloxías, ou mesmo desestabilizar sistemas políticos como estamos a ver por parte dalgún estado no actual e conflitivo contexto mundial. Informar e opinar son as dúas finalidades básicas no periodismo, determinadas pola veracidade, no primeiro caso, e polo respecto ás ideas alleas no segundo. Para colaborar na redacción de Xeada cómpre aterse a tales principios, como comprobaredes no artigo que testemuña a experiencia dalgúns compañeiros ao visitar o cárcere de Teixeiro, ou nas colaboracións sobre as vosas actividades co Equipo de Igualdade e o Club da Ciencia do noso Centro.

Como tódolos anos Xeada ofrécese como primeiro chanzo para dar a coñecer as vosas creacións literarias: poemas, contos ou microrrelatos. Nun simposio celebrado hai uns dous anos na nosa cidade o filósofo José Miguel Valle titulou a súa conferencia “Ler para sentir mellor”, logo editada por Alvarelos nas catro linguas do Estado. Isto é esencialmente o que tamén motiva a un escritor sentir e comprender a vida encarnada polas súas personaxes de ficción. Sirva como exemplo a obra creativa de Luísa Villalta, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

É a súa unha literatura profunda, simbólica, conceptual e, en varios casos, tamén experimental. Serviuse dos distintos xéneros –narrativa, teatro, poesía, ensaio e columnas xornalísticas– para reflexionar sobre o sentido da existencia, mais tamén para abordar circunstancias e situacións sociais do seu tempo, co propósito de alertarnos e denunciar as inxustizas. Pero, ante todo, Luísa Villalta foi poeta. Con estudos superiores de violín, consideraba que a Poesía, palabra melódica, “é a reflexión rítmica sobre a música da existencia, un camiño ao coñecemento”. En moitos dos seus poemas reflexionou sobre o sentido derradeiro da vida, sen sospeitar acaso, que a súa morte sería prematura e repentina. Así, nestes versos do seu poemario Ruído: “A vida boia sempre sobre a cinza. / Haberá poesía en que salvar-se?”. Reler e sentir a súa obra é unha forma de manter vivo o seu recordo.

Colaboracións

1ºESO: Carme Dapena López, Martina Simón Sexto, .

2º ESO: Club de Lectura e alumnado de 2º de ESO, Anxo Rey López, Sara Carreira, Daniel García, Javier Carracedo, Alba Dopazo Guldrís, Daniel García Fernández, Lorena López Vázquez, Anxo Rey López, Irene Touceda Pazo .

3ºESO: Xiana Peón Carballo, Carlota Millán Dorado, Carla Mosquera, Lucía Martínez, Laura Varela Ulla, Iria Quintela Roo, Martiño Souto Mera, Sabela Ares Rodríguez, Guillermo Palomo Salgueiro, Icíá Túniz Bal, Lucía Tato, Pablo Mata Castro, .

4º ESO: Alison C. Corzo Aguilera, Isaac Expósito Domínguez.

1º BACH: Lucía Fernández Pazos, Elsa Rodríguez Vicente, Anxo Martínez Filgueira, Carmen Mendaña Vázquez, Miguel Vicente Vidal, Mencía García Lois, Samuel Guerelegne, Carla Pereiro Díaz, Daniela Viqueira García, .

2º BACH: Ainara Quintela Landeira, Javier Candal Antúnez, Daniel Collazo Rial.

ANUNCIOS: Iria Quintela, Micaela Díaz Muíño, Natalia Vieitez e Anaís El Hawary Pérez.

Alumnado Artes Escénicas I.

ENCONTRO COA ESCRITORA ANDREA MACEIRAS



O club de Lectura do IES Antonio Fraguas ten só 5 alumnos/as (4 alumnas e un alumno) e está formado por alumnado de 2º/3º e 4º de ESO. Somos moi poucos, pero grandes amantes da lectura. Xuntámonos nalgúns recreos e moi ocasionalmente nunha tarde. Este curso en colaboración con Dinamización Lingüística lemos a autores/as da nosa literatura (Andrea Maceiras, Héctor Cajaraville, Iria Misa), pois hai abundantes obras de calidade e ... que menos que coñecer o noso! Velaí tedes a entrevista á escritora Andrea Maceiras o pasado 13 de novembro.

Andrea tivo un encontro no Salón de actos ao que acudiu alumnado de 2º de ESO que previamente lera: *O que sei do silencio* e o alumnado do Club de Lectura, tras ler *Europa Express. Tras o sempre emotivo encontro, o alumnado do club e alumnado de 2º de ESO* fíxolle a seguinte entrevista (Icía, Santi e Carla por parte do club). Na mesma, Andrea amosouse moi próxima aos estudantes e por momentos o encontro foi máis unha conversa que unha entrevista.

Entrevista a Andrea Maceiras

Icía: Ola Andrea, queremos facerche unhas preguntas sobre o teu libro *Europa Express*, que lemos no Club. Empezá Carla.

Carla: En que te inspiraches para crear o personaxe de Xacobe?

Andrea: Moitísimas grazas polas vosas preguntas. Eu sempre pensei que os personaxes de *Europa Express* non estaban inspiradas en xente real, pero ao final fun descubrindo que estaban inspiradas máis do que eu cría no meu grupo de amigos e amigas, que son cos que fixen as viaxes de interrail que logo aparecen na historia, ou son a base da mesma. Entón, supoño que si hai alguén parecido a Xacobe entre os meus amigos/as, aínda que logo sexa ficción.

Icía: Eu tíñache unha pregunta, por que nas personaxes do grupo de amigos, escolles a Piero, un italiano?

Andrea: (risas) Pois, porque no momento en que eu fixen o interrail, pasara todo 2º de bacharelato convencendo os meus amigos e amigas para facer esa viaxe, nese curso que é especialmente duro, como un descanso merecido, unha viaxe distinta, e non quixeron... No libro as personaxes fan a viaxe ao rematar 2º de bacharelato. Así que o ano seguinte, en 1º de carreira, seguín insistindo e foi cando finalmente fixemos esa viaxe. En 1º de carreira eu estudaba cun grupo de rapaces e rapazas que

estaban de Erasmus, e aí está tamén a inspiración dese personaxe, de Piero.

Santi: Eu quero preguntarche como fixeches para non liarte con tantos personaxes, personalidades, tes algún truco?

Andrea: A min gústanme as historias que están narradas cunha técnica multiperspectivista, historias contadas baixo distintos puntos de vista, porque me resulta moi áxil á hora de escribilas, e como lectora é algo que tamén aprecio ao considerar que tes que facer un pouco máis de esforzo, é como compoñer pezas dun quebracabezas, vas facendo ti a propia idea do que se vai contando na trama. Tiña unhas fichas para os distintos personaxes, un pouco tratei que as súas voces foran distintas á hora de escribilas na historia. Non o lembro como unha parte especialmente difícil, foi divertido, especialmente o personaxe de Mía, que desfrutei moitísimo ao escribilo.

Icía: Eu quería facerche unha pregunta sobre a personalidade de Aroa, sobre a forma como actúa. En que te baseas para facer unha personaxe así?

Andrea: Eu o que quería facer era unha novela inspirada nas miñas viaxes, porque para min son unha fonte de inspiración moi importante e ao tempo unha novela de intriga psicolóxica, porque para min era algo que me gustaba moito de adolescente, as novelas que tiñan algo de misterio, un misterio que desentrañar. Para facer unha novela de intriga psicolóxica necesitaba neste caso, o segredo, que é ese segredo inicial que son eses dous personaxes, Xacobe e Aroa que se están a bicar nesa postal que Nico encontra, e necesitaba darlles a súa propia historia. Eu penso que Aroa é unha personaxe que nace froito desa historia, é coma un requisito para que puidese existir esa trama de misterio.

Alumno de 2º de ESO: Con respecto ao libro O que sei do silencio, a primeira pregunta que quero facerche é: sentícheste identificada con algún personaxe da novela?

Andrea: Non como tal, eu sempre penso en O que sei do silencio que o personaxe de Delia que é unha acosadora pasiva, é unha personaxe co que resulta fácil identificarse, porque nalgún momento é fácil que calquera de nós caia nese papel, de acosador ou acosadora pasiva porque simplemente consiste en non facer nada, pero non é unha novela na que haxa un personaxe co que me identifique especialmente.

Santi: Como última pregunta, e non só por Europa Express, senón que en xeral, en que momento da túa vida empezaches a pensar na escritura como un traballo máis que nun hobby?

Andrea: Pois esa é unha pregunta boísima. Eu empecei a escribir de pequena, contos para a miña irmá. Publiquei a miña primeira novela estando nos primeiros cursos da Universidade, tiña 20 anos. E despois, durante moito tempo eu compaxineei o meu traballo de escritora coa docencia. Estiven dando clases na Universidade e tamén dei clases en secundaria. Gústame moito a docencia, pero chegou un punto en que me resultaba moi complicado chegar a todo, porque aínda que non o pensedes dar clases dá moitísimo traballo, require de moita preparación, de moitas horas de corrixir, corrixir letras imposibles (risas). Ás veces iso sucede...E chegou un punto en que me era demasiado. Entón houbo un momento en que pensei que tiña que escoller unha das dúas. E tamén que se non intentaba dedicarme nese momento á escrita, estou a falar de hai catro ou cinco anos, non é algo de hai tanto tempo, non o faría nunca. Agora ou nunca, apostei por iso, pedín unha excedencia no lugar que estaba traballando e ata agora, e o tempo que dure... pois ao final é vivir un soño, e os soños non sei se se miden polo tempo que duran ou pola intensidade cos que os vives, e xa está...e non descarto volver á docencia no futuro, pero de momento estou nunha etapa moi agradable tamén.

Icía: Por último de Europa Express, quería saber como interpretas ti o final da obra? porque queda un pouco aberto...Non o cheguei a entender moi ben.

Andrea: Esa é unha parte que xa me dixo máis xente, paréceme curioso porque xente que le cunha perspectiva de máis idade parécelle que Europa Express ten un final pechado, en cambio cando veño a falar con xente da vosa idade parécevos que ten un final aberto. A miña idea era que fose un final pechado. Eu tiña clarísimo que Xacobe tivera un problema, un accidente con esa planta, coa soñadora, con esa droga, que se pasa coa cantidade, que ten unha condición previa que fai que todo se lle complique...e que por experimentar con iso teña un final trágico como acontece algunhas veces. De feito está inspirado nunha nova de xornal ese final. E despois sorprendeume que se interprete como un final aberto, e ao mesmo tempo gustoume, pois unha historia unha vez que está escrita é dos lectores e lectoras, entón está ese dereito de que cadaquén decida como é a súa lectura sempre que estea máis ou menos xustificada, e neste caso podería estalo. Acabade Europa Express como vos pareza (risas) e estará ben acabada!

Icía: Dende o club de lectura dámosche moitas grazas por vir aquí. E damos paso ás preguntas sobre O que sei do silencio, que leu o alumnado de 2º de ESO

Andrea: Moitas grazas a vós! E preguntade o que queirades

Alumna de 2º de ESO: O pseudónimo de Leaena Hiems dis porque é, pero tamén dis o nome real, pero esa escritora é real? Ou as obras escribíchelas ti?



Andrea: Moi boa pregunta. Eu tiña unha narradora de 15 anos e quería expresar cousas máis profundas do que se cadra ela podería chegar, aínda que é certo que é unha narradora reflexiva e que é unha voz narrativa que fala desde unha vivencia moi dura que dalgunha maneira lle aportou madurez, por iso tamén o título da historia...pero non me chegaba, entón decidín crear esta autora Leaena Hiems que si que se explica na historia. Escollín un nome que tivese que ver co latín porque si fose un nome que non fose inglés a historia xa non tiña tirón, pero non me apetecía poñelo así (en inglés), e escollín máis clásico, pero unha vez despois, á hora de escribir a súa biografía escollín tamén un nome real, que non ten máis que seguir con ese xogo literario que se establece na historia, de que ten un pseudónimo, ten un nome real, unha existencia real...e xogar precisamente co que

ti me preguntas. Esta autora existe, non existe, o seu libro de contos existe...e deixalo un pouco aberto, que ao final son eu, porque se escribín eu os contos estou aí detrás.

Alumna de 2º de ESO: Escribiches máis dos que mostraches e o que liches?

Andrea: A verdade que escribinos case todos, pero despois quedaba moi longo, e como é unha obra que é dramática, sobre un asunto moi delicado, ao que eu lle teño moito respecto, que é o acoso escolar, non me apetecía facer algo excesivamente longo, senón que quería algo máis breve, e entón escollín os que máis me gustaban entre os contos que tiña nese volume, pero eu poño que na obra hai doce contos, e dez están escritos. Non todos por completo, pero si están escritos. Os que aparecen son os que están máis claros para entender o que eu quería transmitir.

Alumna de 2º de ESO: Tes pensado publicar ese libro de contos?

Andrea: Tamén é moi boa pregunta. Así como tal non o pensei nunca, pero...é unha cousa á que podería darlle unha volta. Penso que os contos non son o que máis interesa hoxe en día. Que é o que máis vos gusta ler a vós?

Alumna de 2º de ESO: Ficción

Andrea: ficción, novela, non?

Alumnos de 2º de ESO: Si. E obras de teatro.

Andrea: Teatro! E dentro da novela que vos gusta, que xénero vos gusta?

Alumno de 2º de ESO: Misterio.

Andrea: Romántica?

Alumna de 2º de ESO: Si!

Lupe (profesora): Dígoche eu o que lles gusta: amoríos e “pandilleo”.

Andrea: Amoríos e pandilleo, vale! Podemos facer algo así...Eu estou sempre na procura de ideas. Vós axudádeme que eu recollo todo!

Lupe: Misterio dentro de aí e gústalles moito máis a novela realista, máis que a novela de ciencia ficción.

Andrea: A fantasía non vos gusta?

Alumnado de 2º de ESO: Si!

Andrea: Algo si. Sempre hai alguén...E ledes en whatpadd (plataforma dixital de lectura/escritura), escribides en whatpadd?

Alumnado de 2º de ESO: Si!

Andrea: E escribides?

Icía (club de lectura): Si. Eu teño algún borrador por aí...

Andrea: Vale!

Lupe: Gústalles moito escribir!

Andrea: E presentádesvos a concursos ou cousas así?

Icía: A microrrelatos si!

Andrea: Claro, a microrrelatos, a relato curto hai de teatro breve tamén...

Icía: Si. Eu teño ido a bastantes...

Andrea: Pois como reto para este curso eu anímovos a que vos presentedes a un premio por aí. E que atopedes o que vos guste, para a vosa idade...

Lupe: Vimos de recibir un premio (250 €), de Cambados, “Mar de letras”

Andrea: Parabéns. Ou sexa que sodes moi escritores aquí.

Lupe: Seis anos seguidos gañando... e os de Viaqua gañámolos o ano pasado, e os de CocaCola...

Andrea: Os de CocaCola tamén?

Lupe: Gañámolos case todos os anos...

Andrea: Parabéns!

Lupe: O ano pasado foi o primeiro premio.

Andrea: Vou deixar de falar para que fagades preguntas...

Alumno de 2º de ESO: O personaxe de Lara... todos acaban sendo prexudicados, cambio de instituto, Vítor ten que ir a un centro de menores... Lara acaba “indo de rosiñas” por así dicilo, vai ao mesmo instituto como se non tivese pasado nada, por que?

Andrea: Pois é unha pregunta boísima. Eu conteivos que esta historia parte dun suceso real que me contaron. Eu non sei detalles, non sabía nada, sabía un pouco o principio, a base moi esquemática e o final. Todo o demais é ficcionado, pero si que hai unha base real. Pois na historia real, o final é ese. É dicir das tres acosadoras que había, os pais de dúas delas, que na historia están figuradamente representadas por Xulia e por Daniela, unha arrepiñátese moito, como é Daniela, que se deixou arrastrar polas outras. Os pais, doutra, que sería Xulia, fan reflexionar á súa filla e asumen que a súa filla ten un problema e axúdana, como? pois con terapia e nese caso sacándoa do colexio para que cambie o seu círculo de amizades, non? que é unha cousa que ten moita importancia na historia. Pero os pais da terceira, que na historia estaría representada por Lara, nin asumen en ningún momento que a súa filla sexa unha acosadora, nin dan importancia real ao que acontece. Son destes pais que din, pensan: “cousas de nenos”, e reflicten algo que... e que é moi difícil ser o pai ou nai de alguén, dunha vítima que sofre acoso escolar, pero imaxinádesvos o difícil que ten que resultar ser o pai ou nai dunha acosadora? porque tamén ten que ser unha cousa terrible para as familias, e neste caso a familia non o asume, non axudan, e queda no cole, e o que ti dis, sae totalmente indemne, ilesa de toda a historia.

Alumna de 2º de ESO: Pero sae ilesa, pénsao ela? porque a ensinanza que lle dan os pais a esa nena... Ensínanlle que pode facer o que ela queira e nunca lle vai pasar nada e non vai haber consecuencias dos seu actos... Entón non creo que “saia de rosiñas” porque é algo que no futuro vaina prexudicar.

Andrea: Está perfectamente expresado. Non ten consecuencias, ou un castigo como tal, como nós poderíamos pensar que merece. Aínda que eu tamén estou en desacordo con esta idea de castigo.

Eu penso que vivimos nun contexto no que se nos penaliza moito por erros que cometemos por inexperiencia, e neste caso eu non sei se unha acosadora, poñamos o caso de Lara ou Xulia, sería tanto cuestión dun castigo como de axudalas...Se nos paramos a pensar no aspecto máis profundo do acoso, hai acosadores e hai vítimas. Quen necesita máis axuda?

Alumnado de 2º de ESO: Ambos por igual!

Andrea: Ambos por igual! A sociedade tende a pensar que son as vítimas que necesitan axuda, e é evidente que si, pero en realidade se non existise a persoa que acosa, se esa persoa non tivese ese impulso polo motivo que sexa, de acosar, non habería problema. O problema nunca está na vítima, está en quen acosa, entón si que a vítima necesita axuda, pero eu tamén penso que as acosadoras e acosadores necesitan máis, e ninguén se decata, non? desta idea, ou sexa que estou totalmente de acordo contigo. Non sei, vós tedes que vir ao instituto polas mañás e estudar, senón poderíadesme acompañar a dar as charlas porque vexo que tedes boas ideas e falades moi ben, solucionaríadesme moito, si.

Alumno de 2º de ESO: Eu quero preguntarche: que opinas de que Daniela a pesar de que recibiu bullying por parte de Lara e de Xulia nun pasado, que apoie a estas cando lle fan bullying a Silke.

Andrea: Tamén é unha moi boa pregunta. Que ben lestes a historia. Dá gusto falar con vós! Opino que é realista. Eu non sei se vos pasou algunha vez, se coñecesdes a alguén que cambia por tentar pertencer a un grupo, ou por medo a que nese grupo se non fai o que din non sexa aceptado ou aceptada, ou que lle veñan enriba...Entón ti imaxina que ti estás á sobra destas dúas rapazas, e ti ves que están a facer algo malo. Digamos que Delia é a acosadora pasiva, pasiva e Daniela é un grao menos, pero tamén no fondo é unha acosadora pasiva que se deixa arrastrar polas outras. Hai cuestións como non querer...Na adolescencia hai unha serie de preocupacións que eu vivín como adolescente e despois vin como profesora e non sei se as tedes...Pertencer a un grupo: importantísimo, a ver se pode ser que non esteas só ou soa no patio, que non te miren moi mal, intentar sobrevivir ata o final do día.... que a xente perigosa ou tóxica como estas non che vaian enriba, protexerte, non? O medo fainos actuar moitas veces de maneira que non somos sequera nós. É un pouco o que lles pasa a elas. Eu cando falo destes temas sempre recordo, trato de recordar unha cousa que sempre lles dicía aos meus alumnos e alumnas cando o pasaban mal. Ti vas rematar o instituto, isto remata, o que pasa é que non momento en que estás dentro é como a túa vida enteira, é como un mundo, un universo que está aquí e isto é o centro da túa vida, pero logo pasa, non? Entón todo iso, o medo, a soidade, o ser popular, son cousas que...Non pensades que só os adolescentes, se pensades que a xente adulta non ten estes problemas, tenos, igual a outra escala.

Icía: Moitas grazas por vir a este centro e tomar todo este tempo para as nosas preguntas, por asinar e por todo o tempo que estiveches aquí.

Andrea: Moitas grazas a vós. A verdade que foi un pracer a primeira conversa e tamén esta segunda. Dámonos un aplauso!

CLUB DE LECTURA E ALUMNADO DE 2º DE ESO.

LUÍSA

O sol *erguíase* sobre Santiago de Compostela, pintando o ceo con tons cálidos e dourados. Era un novo día na vida de Vítor, un neno de trece ano que vivía coa súa avoa, Luísa, cando os seus pais ían traballar. Dende que tiña uso de razón, Vítor foi o sol que alumeaba a vida da súa avoa, e viceversa. Cada mañá, visitaba a casa de Luísa, un lugar a rebordar de recordos e arrecendo a caldo acabado de facer.

Ela sempre estaba alí, sentada na súa cadeira pousada a carón da súa fiestra, esperándoo cun sorriso que iluminaba a estancia e a vida do seu neto. A rutina era simple, pero fermosa: compartían a comida, charlaban sobre a vida, rexoubaban sobre os veciños, das persoas que pasaban a carón da súa ventá, e gozaban das pequenas alegrías que a vida lles ofrecía.

A avoa Luísa foi a fonte de inspiración de Vítor. As súas historias da mocidade, a súa sabedoría e o seu amor incondicional forxaran o carácter do mozo. Medrou aprendendo da importancia da paciencia, a empatía, o respecto e a perseveranza a través das leccións de vida que a súa avoa lle brindaba. Cada día con ela era un tesouro, unha oportunidade para aprender e crecer. Porén, o tempo non se detén, e Luísa facíase maior. A súa saúde debilitábase, e súas ganas de falar, comer e berrar comezaron a esvaecerse lentamente, coma un murmurio no aire.

Malia os desafíos da vida cotiá, Vítor non deixaba de visitar a súa avoa, e o seu amor por ela ía medrando, así como transcorrían os días. Pasaba horas distraéndoa para que levantara o ánimo e aínda que o del non estivera para botar foguetes, sempre sacaba un sorriso para que súa avoa se sentira ben.

A súa relación non só era de amor, senón tamén de coidado e de amizade. E aínda que lle gustaba andar de troula coma calquera mozo da súa idade, sempre sacaba tempo para facerlle a vida máis fácil. Preparaba comidas que lle encantaban, levábaa a pasear na cadeira de rodas por todo Santiago e pasaba noites enteiras coidándoa. Cada xesto era un acto de amor, un tributo á muller que o criara e lle ensinara todo sobre a vida.

O primeiro martes do novo curso escolar, Luísa foi en cadeira de rodas, manexada pola señora que a coidaba de luns a venres, buscar ao seu neto ao ascensor que estaba no camiño de volta a casa. Ela, o seu neto, a coidadora e unha veciña estiveron falando no banco fronte ao ascensor. Logo deixaron a carteira da escola na casa e foron dar un paseo, sen saber que sería o derradeiro.

O día seguinte, chegou á casa, e como non lle abrira ninguén a porta, decidiu chamar á señora que coidaba a Luísa. Entón díxolle que estaba en Urxencias porque tiña moita febre. Vítor pensou que fora por mor do paseo do día anterior.

Os días pasaban, e o venres Luísa volveu para a casa, pero xa nunca volvería a ser a mesma de antes. Esa fin de semana decidiu pasala na casa dos seus tíos, e á volta descubriu a súa mirada chea de silencios.

Entón decidiu coidala con devoción, non quería que sufrira e negábase a pensar que xa non a ía ter máis ao seu carón.

Durante os seus últimos días xuntos, Vítor dábase conta que lle quedaba pouco, que a candeia íase apagando paseniñamente, e a última semana, pasaba todos os días a saudala e a dicirlle bos días antes de ir ao instituto. Era un martes, unha mañá de outubro, e foi coma cada día ver a súa avoa, pero ela estaba durmindo na nova cama articulada que chegara o día anterior. Para a dor, os médicos

administráranlle un analxésico moi forte.

Acabou a mañá escolar, e volvendo á casa, súa tía veuno e díxolle que debía de estar moi orgulloso do bo neto que foi. Entón entendeu que algo ía mal, pero imaxinábase que só a levarían para o hospital.

O seu tío chamou por teléfono á súa muller, e el escoitou : Xa podedes vir. Entrou na casa co corazón encollido, sabía que chegara o momento do adeus. E súa nai díxolle entre bágoas: A avoa faleceu esta mañá. Choraba de dor e impotencia e os saloucos impedíanlle articular as palabras e case respirar. Baixaron todos os seus tíos que estaban na casa a darlle unha gran aperta. Non comeu nada. Deuse unha ducha e foi cara o tanatorio. Veu moita xente a apoialo, ata a súa profesora de relixión, que a coñecía de vista. Despois da partida da súa avoa, sentiuse perdido, coma se unha parte do seu mundo fora con ela. Pero sabía que o amor que compartiron nunca desaparecería. Recordaba as súas leccións de vida, as súas cálidas apertas e os seus sorrisos. A casa de Luísa xa non era a mesma, pero o seu espírito vivía en cada recuncho, en cada recordo compartido.

Anxo Rey López. 2º ESO D. “Cambados Mar de Letras” 2023



MENSAXES XEADA 2024

-A María Fandiño e Andrés Romarís, profesores eméritos do A. Fraguas, sempre presentes en Xeada. Grazas por tanto!

- E grazas infinitas a todo o profesorado que aportades a vosa arte e traballo, para que Xeada veña cada maio de flores cuberta.

-Para Pedro, profe de música e moito máis, por non ter no seu dicionario a palabra “NON”. Sempre positivo, nunca negativo.

-E a ti, JM Álvarez, pola paciencia infinita e o teu tempo regalado! Grazas!

-E como non! Aos nosos artistas, M. Calderón e Pablo López, que nos regalan cada curso a súa arte, debuxando sorrisos con notas musicais!

- E ao noso prezado Suso, que sempre o arranxa TODO, TODO e TODO!

- Tamén a Cecilia e Maite , as nosas súper conserxes, por regalarnos “cabuxiños amorosos” polo Nadal e encher de sorrisos os corazóns do día dos namorados!!!

-E a Isabel, por facer que o Fraguas reluza máis ca o sol!

-Lisardo e Carlotiña, por estar sempre atentos e dilixentes nos tediosos trámites burocráticos!

-A Rosa, a miña italiana favorita e a Lois. Grazas por facer este ano mil veces mellor. Sodes os mellores!. M.C.S

-Para Javier Benítez. Sigue así, sendo o mellor porteiro! Es un crack! Por máis momentos xuntos! Débesme 5 €! Una alumno de 1º C

-Para o profe Luismi: Oxalá viaxes a Turquía. Sempre che digo que quero verte con pelo! I.P.G

- María, xa non vou facer máis “bolos”. I.P.G

-Lupe, grazas por tantas expresións que nos ensinas. Agora úsoas todo o tempo. Saúdos e apertas!. Cabaliño de Portonovo.

-Lucas, es perfecto. Como a bolea de Cibrán, o dribling de Mikel, ou os tiros de Ian. Sorprendereite, como os caneos de Pedro ou os centros de Marco. Sereiche fiel como Frida, ou como ti a Elba. Defendereite como Limens a pelota ou Mateo os seus zapatos. Un de 2º D.

-Para Lucas. En galego abúrrome sen ti, coma ti sen Elba. ASMIV

MEDIO VASO DE AUGA

Coma outro día calquera, levanteime da miña cama. As poucas ganas que tiña soamente me daban para facerme cunha cunca de leite e uns poucos cereais. Xa estaba a piques de saír pola porta e comezou a chover.

- Non choveu en todo o verán e ten que caer unha tromba de auga xusto agora ! - Dixen para min .

Collín o paraugas toda anoxada e fun cara o instituto. Nada máis chegar, mollada coma un pito e coas miñas botas que rinchaban con cada pisada que daba, entrei na miña clase, non tiña ganas de saudar a ninguén. Pero coma sempre, Xoán, o rapaz que senta detrás de min díxome:

- Ola, que tal? Chove moito, non si?- Notábase que tiña ganas de comezar unha conversa polo que deixei pasar como se non escoitara.

Aínda non pasaran dúas clases e xa tiña que facer seis traballos, un para cada trimestre, por riba tocoume facelos co aplicado do curso, agora todos pensarán que el vai facelo todo, mentres eu vou de festa cos meus amigos. Trolas.

Estaba, e xa me parecía suficiente, doíame o lombo de estar sentada, non entendo como a xente pode estar tanto tempo nesas cadeiras, se se poden chamar así. Sentía atafego con tantos exames, tantas probas, só quería chegar á casa e estomballarme na cama. Xa escampara, pero no medio do camiño outra vez a chover, empezaba a darlle voltas a idea de ser eu a gafe a que lle persegue a choiva.

Entreí pola porta da miña casa, cansa de tanto camiño e con moita fame. Berrábanme as tripas e no meu estómago parecía ter un león enfurecido.

- Que hai para comer?

- Verzas con patacas e cenoria – O meu estómago xa deixara de ruxir, collín unhas galletas e marcheí para o meu cuarto.

Guindeime na cama, estaba esgotada de todo un día de instituto. Coma todas as tardes, ía ver a miña canle de televisión favorita, ata que me dei conta de que facía días que non funcionaba a antena e os que a ían a arranxar viñan dentro de dous días. Pensei, vouna ver no meu teléfono móbil, malo será que non teña batería. E como se fora maxia, tiña un tres por cento.

Xa eran as nove e media da noite cando me decatei de que quedara a durmir.

- Xulia! Nena! A cear!- Baixei correndo, de seguro que levaba máis de vinte minutos chamando por min.

- Xa estou aquí!

- Levo chamándote un anaco, de seguro que estabas a facer o traballo do Imperio Bizantino que tiñas para mañá, verdade? - Mireina, ata que me decatei do que dixera, claro que non o fixen, desperdiciara toda a tarde durmindo, agora que ía facer? Cando miña nai se decatou da miña cara de desesperación volveu a repetir

- Verdade, non si?- Xa sabía a resposta polo que puxo o prato de macarróns na mesa e deixouno pasar, a ver como mas apañaba para entregar o traballo a tempo o día seguinte.

Volvín subir ao cuarto, ultimamente estaba decote nel, só saía para ir ao baño, seríame moito máis fácil para min facer un traballo sobre como desperdiciar unha tarde en dous minutos que un traballo sobre ... xa me esquecerá.

Levaba dez minutos buscando unha cartolina por toda a casa e o único que atopara fora un anaco de cartón. Non sabía que facer, polo que collín un folio e púxenme mans a obra.

Despois de trinta e seis folios, catro cafés e dúas caixas de cartón menos... Son as catro e media da mañá e non sei que estaba pensando cando me pareceu boa idea pegar un folio a unha caixa de cartón, porque o que fixera en todo o día nin sequera simulaba un simple traballo, sen imperio e sen bizantino.

Eran as cinco da mañá e o sono nin sequera asomaba pola fiestra:

Home coa sesta que botaches Xulia, como para ter sono- Pensaba para min mesma. Hoxe foi o peor día da miña vida, cando saín chovía, estiven cansada todo o tempo, mandáronme moitos traballos no instituto, non funcionaba o televisor, durmín unha sesta toda a tarde e como se me esquecerá facer o traballo fíxeno ás présas e mal feito. Non se pode sacar nada positivo de hoxe, ademais síntome triste, morriñenta sen ganas de facer nada.

Tiña sede, fun á cociña e enchín un vaso de auga. Quedei aloulada contemplando como naquel vaso medio baleiro se movía dun lado a outro.

Como cada día ao espertar, fixen a miña cunca de cereais e preparei a mochila para ir ao instituto. Non estaba con moitas ganas de saír, mais saber que había clase de Educación Física ese día deume todas as que me faltaban para comezar o día.

Cando ía saír pola porta comezou a orballar, pensei que non sería para tanto, pero despois a intensidade da choiva creceu e convertérase nunha boa treboada. Non tiña o calzado adecuado para saír á rúa con ese tempo, polo que ao chegar ao instituto estaba pingando. Facíame moita graza o son que facían os zapatos e púxenme a facer melodías con eles.

Ao chegar a clase, Xoán, o nen0 que sentaba detrás de min saudoume:

- Ola Sara, que tal vai todo! A choiva chafounos a clase de hoxe, sempre quedará a seguinte clase, non te preocupes.- Aínda que estaba anoxada porque sempre chovía os peores días para facelo, respondiulle co mesmo animo, a súa voz sempre me reconfortaba.
- Non te preocupes Xoán, hoxe pola tarde fago uns paseos na cinta e como nova.
- Moi ben, así me gusta, que a chuvia non che quite as forzas, por certo, hoxe pola tarde é o meu aniversario, cumpro 14 anos e gustaríame que estiveras na miña festa, e se queres despois de matemáticas podemos ir á biblioteca e facemos xuntos o traballo do Imperio Bizantino.
- Claro que si Xoán, ás catro e media vou á túa festa, vou un pouco antes e así arranxamos a decoración, xa verás que queda fermoso e o pasamos xenial
- Como ti queiras, co teu ánimo e actitude seguro que sae todo como anel ao dedo.

Cando remataron as clases tiña a axenda chea de traballos que facer, pero non estaba preocupada, porque Xoán ofrecérase a axudarme, coa súa intelixencia seguro que sacaba un dez. Estaba de camiño para facer o traballo mentres falaba coa miña nai por teléfono, non me decatei do volume da miña voz ata que entrei na biblioteca e dixeron todos ao unísono:

- Shhhhhhhh – excepto unha que parecía non ter un bo día e soltou un bufido, saudeina, non todos os días teñen porque ser bos, sobre todo se está chovendo. Ela virou a cabeza e seguiu ao seu, non tiña ganas de falar, ao contrario ca min, que hoxe aínda que fora un día espantoso sentíame alegre, viva, capaz, non sei como explicalo, libre pero con millóns de traballos.

En dúas horas xa rematara todo o que tiña que facer grazas a Xoán e estabamos indo cara a súa casa, que faltaban moitas cousas por facer. Chegamos ás catro e en tan só media hora tiñamos que preparalo todo, axudáronos seus pais e o seu irmán de catro anos que decoraba a torta.

Cando chegaron os invitados puxémonos todos as botas; bailamos, comemos torta, estoupamos a piñata e pasámolo todos moi ben. Sobre todo falei moito con Brais, un compañeiro de fútbol de Xoán, que se vai cambiar de instituto e puxérono na miña clase, agora xa tiña un novo amigo co que falar nos recreos e así serían moito máis amenas as horas de instituto.

Volvín para a casa en autobús, doíanme as pernas de tanto bailar, nada máis chegar tumbeime na cama e dispúxenme a ver a televisión, pero por culpa dos problemas da antena tíveno que deixar para outro día. Sempre quedaba o saír ao soportal e desfrutar de como caían as pingas de auga na ventá, sentei e púxenme a repasar todo o que fixera aquel día, era algo que me gustaba facer especialmente os días choiva:

- Cando espertei e vin que chovía quitáranseme os ánimos cos que me levantara da cama, mais quen di que non a facer exercicio físico, cheguei ao instituto pingando, pero iso non me supuxo un problema para pasar o día en grande, e pensar que por estar todo o día sen ánimos tería perdido aquela marabillosa festa, non quería nin pensalo. Agora si que me sentía liberada, feliz, alegre sen nada que facer.

Entroume a sede e fun cara a cociña, enchín un vaso de auga e cortei unha roda de limón, dáballe o toque de sabor á auga, non me gustaban as comidas eslamiadas. Tiña tanto sono que caín rendida nos brazos de Morfeo mirando para o vaso que non rematara e quedara medio cheo enriba da mesa.

Xiana Peón Carballo. 3º ESO “Cambados Mar de Letras” 2023



MENSAXES XEADA 2024

-Algúns de 1º C sodes uns pesados. Metédesvos na miña vida e non me fai graza. Deixádemme en paz!
Pepiño Gafotas.

-Para Diana de 1º ESO A, a miña mellor amiga.
Quéroa moito, pero déixanos de lado moitas veces para estar co seu mozo. Unha alumna de 1º ESO C

-Esta é unha mensaxe para o IES A. Fraguas. Parece que o radiador de 2º ESO E o vai arranxar “o cura da parroquia”! Leva toda a vida así.

-Para Esther de 1º ESO C. Es a mellor “sister” do mundo, téchoche moito cariño. Bicos. Marea dourada.

-Sheila, Sheiliña...O meu corazón por ti palpita.
Quérete a pataquiña.

-Para Martín Jurjo de 1º C. Es dos meus mellores amigos e aínda que estás un pouco tolo,alégrome de estar na mesma clase ca ti. Grazas por ser o meu amigo. O primo Suuu

ADEUS

Comezo a escribir este texto mentres aínda estas aí, diante de min, durmido como un anxo. Aínda non marchaches, pero xa emprendiches o teu camiño. Consumíaste pouco a pouco, e non o sabíamos.

Parece increíble como a vida dunha persoa e dunha familia pode cambiar en tan pouco tempo. Fai menos dun ano aínda celebrabas connosco o Nadal, e agora facemos quendas para estar ao pé da túa cama. Queremos ulirte, queremos sentirte, queremos respirar contigo e acompañarte na túa última bocalada de vida.

Sabemos que fuches consciente ata o último minuto do que deseñabamos ao teu redor, e sabemos que te vas feliz e orgulloso do que viches, oíches e sentiches. Todos, máis preto ou máis lonxe, estivemos aí, xuntos e unidos, como ti nos ensinaches: os teus fillos, os teus netos, os teus sobriños, os teus amigos, a nosa xentiña, ... e sobre todo, a túa muller. Ela, que foi o teu motor durante máis de 65 anos, a túa compañeira de viaxe, a túa ilusión, o teu eixe central, a túa sensatez, a túa coherencia, a túa vida. Queda tranquilo, porque seguirá sendo a muller máis coidada e amada.

Pero ti agora, goza deste novo camiño que emprendes.

Cando chegues alí, dálle moitos bicos aos avós, e pasa pola casa dos tíos. Dilles que os seguimos lembrando e querendo. A Mikel, pídlle que siga coidando da “yaya”, á que che pedimos que abracemos incansablemente. E cando chegue a noite, vai buscar ao teu amigo, a Donderis, para tomar xuntos unhas cervexas, gozando da vida e da festa como só vós sabedes facelo.

Quero dicirle ao mundo que dende hoxe o ceo ten unha estrela máis que nos protexe e brilla con toda a súa intensidade, e asegurar dende o lugar no que ti estiveches durante 80 anos, e onde a túa pegada deixaches, que os teus amigos, a túa familia, os teus netos, os teus fillos e sobre todo a túa muller, seguirémoste querendo ... ata o infinito e máis aló.

Outubro 2023:

Hoxe fai seis meses que te fuches e aínda non nos recuperamos completamente diso. Foi tan rápido que non nos deu tempo a prepararnos, a mentalizarnos, endurecer a nosa alma e a nosa mente.

Cada un de nós levou estes meses á súa maneira. Uns pasaron longo tempo lembrándote, chorando, estrañándote e rememorando o vivido, ben de maneira pública, ben en solitario. Outros decidiron non falar diso. coma se o non facelo supuxese a negación da túa partida. E outros, coma min, decidimos aceptar o ocorrido sen cuestionalo. Admitir que era algo que tiña que suceder porque era o mellor final dunha vida completa, alegre e repleta de vivencias.

Non sinto tristeza nin morriña, porque sei que es feliz. Dende o xardín contemplas o que sucede ao teu ao redor e participas das nosas reunións e faladoiros. Vesnos crecer e madurar. Rodéate a serenidade e a tranquilidade, e gozas de moitos momentos xunto á túa muller que coida do teu benestar, coma sempre, e de que luzas aseado, fino e elegante.

Como che prometemos, seguimos todos unidos, talvez máis que antes. O noso amor e agarimo pola “yaya” aumentou aínda máis se cabe. Ela está a aprender, adaptándose ás circunstancias, endurecéndose, e nós xunto a ela, porque esta parte do camiño que nos tocou vivir, non está a resultar fácil, mesmo doe, pero sen dúbida formará parte das ensinanzas que nos empapan e fan crecer día a día.

Hoxe, 180 días despois do noso adeus, douche as grazas por iso.

Carlota Millán Dorado. 3º ESO. “Cambados mar de letras”

O INFERNO DE MARTA

Título: O Inferno de Marta


Autor/a: Pasqual Alapont

Editorial: Fóra de xogo

Número de páxinas: 138

Portada:

O libro non contén ilustracións e na portada pódese ver a unha muller que representa a protagonista, unha muller coa mirada perdida e chea de sufrimento, pálida e de cabelo negro, mentres que ao fondo vense as luces da beirarrúa borrosas. Parece querer representar a situación na que se atopa Marta, perdida e sen saber que facer, tamén a cara de sufrimento por todas as cousas que pasou por mor da súa relación con Héctor, por iso as luces fóra de si.



Resumo:

Esta novela conta a historia dunha moza chamada Marta que vivía nun piso coas súas amigas. Un día quedaron as tres con Braulio e un amigo seu, Héctor, para ir ver unha película ao cine e cear. Na conversa Héctor diríxese especialmente a Marta, coa intención de conquistala, polo que ao día seguinte lle envía un ramo de flores e lle pide que sexa a súa moza. Despois de estar saíndo un mes, nunha discoteca Héctor dálle unha labazada a Marta por non aparecer en toda a noite, e a partir diso todo cambia. Discusións constantes, agresións a Marta e maltrato, tanto psicolóxico coma físico. Pronto, Héctor, se instala no piso das rapazas e implanta unhas normas que ao final non cumpre e vive mantido. El convence a Marta para poñela en contra das súas amigas, e estas marchan. A rapaza, o día de Nadal, regálalle unha moto a Héctor, desexo do home. Pero, como non conseguen cartos para pagar o alugueiro, Marta deixa os estudos e empeza a traballar nunha discoteca. Unha noite decátase de que a moto non está e que el a vendera sen dicirlle nada. Despois diso, Marta busca o momento para dicirlle a Héctor que non quere seguir con el, ata o día que chega cunha prostituta para que lle ensine cousas a Marta. Ela dille que non quere seguir con el, acabando así a golpes ata o punto de cravarlle unha navalla á moza, poñendo a súa vida en perigo. Os veciños ao oír os estrondos chaman á policía, podendo salvara a ela e mais ao fillo que levaba dentro, e que ve a luz sete meses máis tarde. Héctor acaba no cárcere, condenado, grazas a unhas fotos que desvelaban un asasinato anterior e polo intento de facer o mesmo con Marta.

Análise psicolóxica dos personaxes principais:

Marta: É a protagonista da historia. Estudante do último curso da carreira de dereito, múdase a Valencia para estar máis preto da capital e comparte piso con dúas compañeiras. Tiña bastante contacto cos seus pais, pero despois diminúe.

Botaba de menos ao seu antigo mozo. Ata que chega Héctor, co que comeza a saír e o que ao principio, lle axudaba a esquecerse de Marcelo. Co paso do tempo, ela séntese máis incomoda, forzada e ao mesmo tempo a persoa máis feliz do mundo por estar con el, pensaba que sen Héctor no sería ninguén. Vivía cega polas mentiras del e tamén procurando que non se enfadara. Os insultos da relación afectábanlle ata o punto de pensar no suicidio. Situación que despois de recuperarse do incidente mellora. Ao final da historia convértese en nai.

Héctor: É un rapaz que aparece na vida de Marta e os seu amigos nunha cena de imprevisto. É un asasino e un agresor de mulleres. Dedicase a vivir mantido no piso de Marta mais as súas compañeiras e saír de festa.

Escóndese tras a máscara dun estudante de dereito que odia ao seu pai, executivo da Ford, e que cando era pequeno vivía en Londres. Para que non descubran que fora el o culpable do asasinato de Isabel Forteza. Por iso, cando lle preguntan polo seu pasadoponse nervioso e comeza a enfadarse e insultar aos demais para evadir a pregunta e facer sentir culpable ao resto por facela.

Ademais é moi mentireiro, falso, egoísta, carismático e pega a Marta. Tipo de carácter dun agresor.

Isabel: É unha rapaza da que hai moitos carteis postos pola rúa da súa desaparición, ata que se atopa o seu corpo cheo de coiteladas e tempo despois descóbrese que o autor daquel crime fora Héctor.

Era unha rapaza soñadora, alegre, que sentía a muller máis feliz do mundo, aínda que non o fora, para nada, xa que estaba baixo as mentiras de Héctor, como Marta, outra vítima dun agresor.

Aparecen as súas iniciais nun anel que leva Héctor na man, o que quere indicar que había algún tipo de compromiso entre eles dous, ademais hai moitas fotos dela nun caixón del.

María e Estevo: Pais de Marta. Viven na parte alta dun chalé do século vinte. A el gústalle traballar con ferramentas. Dende que a súa filla marcha a vivir coas súas compañeiras son máis conscientes dos perigos, polo que compran a Kepi, un can, para sentirse máis seguros. Para eles, Marta, é a raíña da casa. María preocúpase tanto por ela que chega a insinuar que ten anorexia ou que quedara preñada.

Carme: É estudante e unha das compañeiras de piso de Marta. É moi coqueta e tarda moito tempo en alistarse. Mediante o libro hai ideas soltas de que ela e Braulio poden acabar xuntos. Xunto a Xulia paga os gastos xerais do piso. É moi boa amiga, aínda que odiara a Héctor seguía alí con Marta para axudala.

Xulia: A outra compañeira de piso. Dende que Marta comeza a saír con Héctor sabe que as cousas non van ir ben, debido a que a comunicación coa súa amiga era escasa. Tamén odiaba a Héctor xa que despois de descubrir as intencións que tiña con ela no baño pensaba que era un porco e un desbocado por completo.

Braulio: É un amigo de Marta. Ten dúas paixóns: ver películas de medo e aínda que as vexa moitas veces asústase igual. A outra é ler as páxinas de sucesos no xornal, máis en clase. É unha persoa directa e espontánea. Cando non sabe que facer conta moitos chistes e moi malos.

Marcelo: Antigo mozo de Marta e estudante de Belas Artes. Ten moita experiencia, é unha persoa dubitativa e era impresionante. Dille a Marta que marcha a Ámsterdam a traballar como camareiro porque afogaba.

Kepi: Can Pastor dos pais de Marta. Cómprano para sentirse máis seguros dos perigos externos. É moi atento e entende perfectamente o estado de ánimo de Marta, xa que se coñecen dende que era un cadelo.

Sofía: Nai de Héctor. De moza fora cantante, traballo que deixa polo pai del. Era un persoa moi adorada, polo que o marido, obrigábaa a galantear a todos os visitantes na súa empresa. Mentres que na intimidade non lle daba ningunha mostra de afecto, polo que un día comeza a tomar somníferos ata o punto de morrer.

Eustaquio Meléndez Hurtado: Profesor de dereito na facultade. Todo o mundo o chama “Greña louca”, pola única guedella de pelo que ten.

Vicente Jordá: Profesor de dereito na facultade de Marta, e que lle deu clase de terceiro, ademais ese curso estrearase de pedagogo. Coincide con ela nalguna que outra festa universitaria e manteñen unha boa relación.

É un bo profesor, que non se aproveita do seu cargo e se expresa diante da clase sen subterfuxios.

Foi un dos amores platónicos de Marta. Unha tarde mentres ela mantiña unha conversa con Héctor, el acércase ao decatarse da vergonzosa situación entre eles dous e intenta relaxar o ambiente, aínda que houbo poucos resultados.

Falar do libro:

Opinión persoal:

A novela do Inferno de Marta é preciosa e gustoume moito, é unha historia triste, pero que á vez transmite boas sensacións, porque ensina que a xente que está nunha situación parecida á de Marta, soa, obrigada, manipulada, dá esa última esperanza a esas persoas para que saian dela, para evitar o que lle pasou a Isabel.

O meu momento favorito da obra foi o final, cando Marta reflexiona do que pasou con Héctor e en lugar de poñerse a chorar séntese máis forte por saír e querer seguir adiante. Pareceume algo moi motivador.

Tamén me gustou que aínda que é unha historia bastante lenta mantén a intriga ata o final, e fai que non pares de ler.

Recomendo este libro a calquera adolescente e a persoas adultas tamén, para aprender sobre o tema e para tentar diminuír o número de casos de violencia de xénero. Non o recomendaría para xente que non estea aínda en secundaria xa que talvez non entendan a mensaxe que quere transmitir.

A historia está contada en terceira persoa cun narrador omnisciente. Cóntase a través dun narrador que coñece á perfección os sentimentos de Marta.

Linguaxe: O libro ten unha linguaxe estándar e fácil de entender. Aínda que é moi simple, é posible que non entendas o que hai detrás das palabras. Depende da idade e da madurez que teñas. Ademais, contén descrições con frases moi ben estruturadas.

Tempo: Os feitos transcurren nun período longo de tempo, rondando o ano. Está situado na actualidade, porque aparece a televisión, motos, discotecas, cine facultade, teléfono móbil...

Ten unha estrutura de tempo lineal, aínda que ao principio e á metade da historia atópase algún flashback, saltos cara atrás no tempo, como é o caso de Isabel.

Espazo:

Os feitos suceden na cidade de Valencia, onde vive Marta nun piso compartido coas súas amigas e Héctor. Preto atópase a facultade e un pouco máis lonxe a discoteca na que traballa Marta, por iso tiña que ir en moto. Tamén ía ó cine, bar... dos arredores .

É un espazo real xa que acontece en Valencia e xeralmente urbano.

Xiana Peón Carballo. 3º ESO

ENTREVISTA A IRIA MISA

O día 30 de abril, visitounos no Antonio Fraguas **Iria Misa**, a autora de **“Mamá, quero ser Ziggy Stardust”** e **“Xa non estou aquí”**.

É licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Vigo, onde tamén cursou estudos de postgrao.

Foi coa novela **“Xa non estou aquí”** que acadou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil no 2016 e no 2020 gañou o Premio Agustín Fernández Paz con **“A cidade do átomo”**.

Logo do charla que tivemos con ela, fixémoslle unha entrevista para saber máis cousas do libro e dos seus personaxes.



P: Por que o pai non apoiou a Aine? Non se supón que alguén que lle gusta David Bowie debería ter unha mentalidade máis aberta?

R: Nunca o pensara, supoño que por necesidades miñas da trama o pai tiña que custarlle entender a Aine.

P: Entre todos os alcumes de David Bowie, por que Ziggy Stardust?

R: David facía en cada etapa unha personaxe distinta e este era o que mellor se adaptaba a historia.

P: Por que David Bowie e non outro cantante?

R: Eu son moi fan e quería engadilo nalgunha obra e así renderlle homenaxe dalgún modo.

P: Para ti é mais sinxelo escribir un libro de temas que entendas ou prefires explorar temas descoñecidos?

R: Para escribir sobre un tema precisas informarte moito, ao principio é frustrante, pero rematas sabendo cousas que doutro xeito non saberías.





P: Por que decidiches narrar a historia dende o punto de vista de Thomas?

R: Gústame escribir historias con certa complexidade, cambiando o narrador, por exemplo, e penso que así podo falar do que pensa Aine cando ninguén a escoita.

P: Como fas para organizarte ao escribir historias?

R: Primeiro deixo que a idea flúa e creza na miña mente, cando sinto que xa está o suficientemente formada fago notas e apuntamentos e despois si, comezo a escribir a historia.

P: Por que o tema da transexualidade?

R: Decateime de que sabía pouco do tema, sentín que quizais nalgún momento dixen algo

ferinte para alguén trans e quixen así obrigarme a entender máis do tema.

P: Cres que un neno de nove anos pode entender o libro?

R: Eu creo que si entenden, porque ao final identifícanse con algúns sentimentos de Aine como a soidade.

P: Penso que narraches algo complicado de tratar porque é moi complicado, ti que pensas?

R: Si, e creo que por iso precisamos saber do tema para comprender mellor as persoas.

P: Aine é un nome feminino, por que?

R: Aine é un nome feminino, pero se me me din que un neno se chame Aine tampouco me chama moito a atención. Non quería incluír nomes como Dani ou Alex que xa se viron moito. Creo que o nome Aine pode pasar por masculino.

P: O comportamento que tivo o resto da familia sobre o xénero de Aine na comida, cando discutiron, os tíos estaban moito máis desgustados, cando os avós xeralmente son os que menos entenden do tema. Por que o escribiches desa maneira?

R: Porque hai persoas que cando non comprenden algo rexéitano, é dicir, algo que non lles gusta ou non coñecen, apártano da súa vida. Porén, os avós mostran máis afecto e comprensión cara os seus seres queridos que o resto da familia extensa. Sobre todo interesábame engadir todos os puntos de vista posibles á historia. Así, dáballes intensidade ao tema de afastamento do cambio de xénero.

P: Co tema do pai, que foi del? Non se volveu a falar del na historia.

R: E que non volvían a pensar nel despois de que marchara. Pode pasar o que ti queiras imaxinar, se volve ben e se non tamén. De feito, alguén lembra do seu nome? Non, xa que é un castigo meu o feito de non ter nome porque é moi desprezable o que fai. En cambio, Fran, a nai, ten un nome moi masculino. Iso está feito a propósito, xa que unha das principais funcións deste libro era recapacitar sobre os roles de xénero.

P: E logo, a figura de Fran pasou de ser contraditoria sobre as súas opinións a ser o seu principal piar. Que a fixo cambiar de argumento?

R: Simplemente o amor polo seu fillo, aínda que nunca o chega a entender de todo. Por exemplo, hai un capítulo no cal Fran está a chorar no seu. Era porque estaba a procesar todo o que andaba a pasar, tal como Aine ten que facer a súa transición, os familiares teñen tamén esa etapa de procesamento.

P: Por que se destaca máis os danos físicos de Xosé Lois e non os de Aine? Por que lle botan toda a culpa a Aine?

R: É como a violencia machista: se non existen danos físicos non se pode afirmar que esa persoa foi maltratada. É máis ou menos o mesmo.

P: Tiveches preocupacións porque o libro é para todo o público e os máis pequenos podían facer algo coa información que este atribúe?

R: Claro que tiven esa preocupación. De feito, non gañou varios concursos porque o xurado dubidaba que cambiasen as ideas dos nenos. Os pais tamén dicían que non era apto para os seus rapaces, en cambio, a eles dáballes igual.

P: Por que en ningún momento dixeches que Aine era trans?

R: No libro, dende que Aine non di que é neno, eu nunca me dirixo a el como narradora en feminino ou en masculino, e iso deume moito traballo. Fixen isto ata que el se expresa e nese momento eu podo liberarme. Por iso non di: “Ola, son Aine, son trans...”.

Así rematou a nosa conversa con Iria Misa, autora de “Mamá, quero ser Ziggy Stardust”. O alumnado de 2º da ESO quedamos encantados coa experiencia. Grazas, Iria!

Sara Carreira, Daniel García e Javier Carracedo. 2º ESO E



ABRIGO TERMORREGULADOR



DESCRIPCIÓN

Consiste nun abrigo cun sistema de calefacción e de aire acondicionado, dependendo do botón que premas activarás un ou outro. O abrigo está rodeado de moitos metais que recollen a enerxía procedente do sol e así utilízala para as súas funcións, ademais ten moitos petos e diferentes tamaños e cores.



Características

1. **Boa calidade**
2. **Impermeable**
3. **Ten petos exteriores e interiores**
4. **Botón no interior do abrigo, nun peto**
5. **Termorreguladores por todo o interior**
6. **Seguro**

“Teñas frío ou calor sempre temos a túa solución”



EQUIPO DE IGUALDADE E ti como vés amando?



III Concurso de textos para Instagram

A vendima

Escoller o día, reunir xente, limpar as cubas,
podar as viñas, apañar as vides, pisar as uvas.
Dálle que dálle, pisa que pisa, que traballiño!
Mais todas as penas, males e dores curan co viño!

Carme Dapena López



Tranquilidade,
o mergullo de amor
no mar azul.

Rosa Quintela de Carlos

Solpor dourado
o mar canta silencio
tempo detido.

Martina Veiga Otero



Atardecer en Amio

Cando "Lúa" toma o seu momento de esplendor, "Sol" abandona o seu posto dunha maneira perfecta. En Amio, o ceo convértese nun arco da vella, co morado e o rosa sendo as protagonistas da tardiña. Cada ocasión é única e singular, adaptándose ás circunstancias da túa vida, e furando o teu peito ata chegar ao interior do labirinto. É unha sensación indescribible. Iso si, dáme pena que "Sol" constrúa esta fermosura e non a visualice. Eu, persoalmente, quero e adoro eses singulares xestos do día a día.

Daniel García Fernández



PREMIADOS





ENTREVISTA A HÉCTOR CAJARAVILLE

O pasado 14 de marzo tivemos a visita de **Héctor Cajaraville**, o autor de “A caixaña de rancores” a obra de lectura obrigatoria para o alumnado de 3ºESO. O escritor veu falarnos de Chiruca e da súa caixaña de rancores, e tamén das “Once portas” que agochaba a cidade de Compostela e que abriron no club de lectura do centro.

Logo da súa intervención, puidemos facerlle unha pequena entrevista.

P. Sabemos que es profesor, escritor e xornalista. Pero se tiveses que escoller unha, cal dirías que é a túa profesión?

R. Escritor. E perdoadade que sexa tan rápido na resposta porque diredes, es profesor e resulta que prefires outra cousa. Pero é así, cada un ten a súa vocación ou o que se lle dá mellor. Eu estudei periodismo, tampouco me adaptei moito a esa profesión; traballei unha temporada e axiña escapei a buscar outras alternativas e probei co de escribir [...] Se tivese que escoller unha desas tres cousas que fixen ao longo da miña vida, pois escollería escribir, sen ningunha dúbida

P. Cal dirías que é a túa mellor obra? Por que? E cal é a túa favorita?

R. Pois vouvos dicir cal é a que eu considero a miña mellor obra: “A caixaña dos rancores”. Por que? Porque é o libro que máis xente leu. Sabedes como vai o das edicións, non? De vez en cando faise unha tirada e se se esgota pois vólvese a reimprimir o libro, e “A caixaña dos rancores” vai pola oitava edición [...] Entón eu, como escribo para que outros lean, teño que considerar o meu mellor libro o libro que máis xente leu.

[...] Desde o punto de vista persoal ao mellor non é o libro que a min me deixou máis satisfeito, ou que pense que poida ter máis calidade literaria, ou no que puxen máis esforzo creador. Pero a miña opinión é unha máis, e en cambio hai milleiros de persoas que leron ese libro e que ademais cando vou a encontros coma este, en clubs de lectura, clases..., case sempre o feedback (o que eu recibo) é positivo [...]

P. Como é o proceso de escritura que segues? Tes algún ritual ou algunha teima?

R. Ningún. Non. Porque eu teño unha serie de carencias como escritor pero despois teño algunha virtude; e a miña virtude principal é que non necesito un espazo, unha atmosfera, un ambiente



determinado, un lugar, unha hora do día [...] Eu nesta primeira tandada de libros da que forma parte “A caixiña dos rancores” eu escribina en bibliotecas, bares, no hospital, na miña casa...[...]

P. Ademais de escribir Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), publicas novelas dirixidas a un público adulto. Onde te sentes máis cómodo?

R. Si que as escribo pero non me sinto máis cómodo. Eu teño libros para adultos. O meu primeiro libro, que escribín xusto antes de “A caixiña dos rancores”, é un libro para o público adulto que se chama “De remate”. E teño libros para rapaces de primaria, para nenos máis pequenos ca vós. Pero sobre todo teño literatura xuvenil, teño sobre 15 libros e a metade son de literatura xuvenil. E por que teño máis de literatura xuvenil que do resto? Pois porque me sinto máis a gusto cando escribo ese tipo de libros [...]

P. Hai algún tema do que aínda non falaras pero sobre o que che gustaría escribir?

R. [...] Teño aí unha idea que sempre se me cruza...Eu estudei nun seminario, estiven interno nun colexio relixioso no que eu botei tres anos da miña vida alí metido [...] Supoño que naquela época tampouco o desfrutaba especialmente pero agora, coa perspectiva do tempo, eu sei que aquilo me aportou un montón de cousas [...] e gustaríame encontrar o xeito de converter aquela experiencia en material literario [...]

P. Investigando un pouco descubrimos que a túa primeira novela, “De remate”, gañou o Premio Xerais (2015) e que nese mesmo ano, “A caixiña dos rancores”, recibiu o Premio Raíña Lupa de LIX, e tamén que, “Quen dá a quenda” foi finalista do Premio Merlín de Literatura infantil. Que significou para ti este ano tan prolífico?

R. [...] Foi un momento precioso porque foi un soño cumprido pero ás veces tamén estaba un pouco agobiado. Dicía, *miña nai*, de 0 a 100! O que a uns lles levou toda a vida ou nunca chegaron a acadar, porque tamén haberá escritores que digan “a min o dos premios dáme igual, non me importa tanto, quero escribir, quero que me lean”, pero que che recoñezan un premio creo que a todo o mundo lle gusta [...]

P. Xa para rematar, hai algunha novela xa en marcha?

R. Pois teño unha [...] Xa teño a historia, xa a escribín, pero creo que lle faltan retoques, melloras, cambios, ao mellor eliminación de cousas ou incorporación doutras...pero se algún día se publica, pois iso, será unha novela xuvenil porque, ao final [...] son máis un escritor de literatura xuvenil que outra cousa.

O alumnado do Fraguas queremos darche as grazas por compartir connosco parte do teu tempo e da túa experiencia coas letras.

Carla Mosquera e Lucía Martínez. 3º ESO E



semana cultural



A Semana Cultural no IES Antonio Fraguas é unha festa! E cando dicimos iso non é que sexa non facer nada. Todo o contrario, os preparativos comezan o ano anterior. Neste caso escollendo a temática: “O valor da palabra”. Nese intre móvense as cabezas, brazos e todo o corpo de profesorado entra en acción. Este curso foi a VII Edición da nosa festa, rachada! E a alegría agromou acompañando o papel activo da rapazada, que cantou, escribiu, declamou, visitou, representou, tocou e xogou arredor da palabra...Viñeron contacontos, xornalistas-poetas, músico-poetas, científicos, actrices... nomes amoreados na lembranza (Marga Tojo, Celso Fernández, Xurxo Mariño, Lois, Gil, Anabel Gago, Prado Rúa, Xulio Loureiro, Alba Taladriz, Ana Rodríguez, Paula Martínez, Alejandro Gorgal, Tomás Fernández, Pablo Gamallo...) e profesorado, alumnado con nomes propios, en maiúsculas. Xa toca ir recollendo os restos desta semana de borracheira cultural, a resaca levaranos cara ao final de curso, mais algo move cada Semana Cultural no centro...Fainos máis sabios, máis libres e o máis importante de todo, máis felices.



XANEIRO

Educación ambiental.



Departamento de debuxo do IES Antonio Fraguas.

Alison C. Corzo Aguilera. 4º ESO D.

Sem.	luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
1	1	2	3	4	5	6	7
2	8	9	10	11	12	13	14
3	15	16	17	18	19	20	21
4	22	23	24	25	26	27	28
					* Día mundial da educación ambiental.		* Día contra o quecemento da terra.
5	29	30	31				

O CALENDARIO DO FRAGUAS

(OU A ARTE COMO DINAMIZADORA E CREADORA DE COMUNIDADE):

Moito se ten falado xa sobre as artes plásticas e a súa importancia no eido educativo, os propios currículos son os encargados de lembrarnos o seu nexco co desenvolvemento dun pensamento diverxente e o estímulo da creatividade, aspectos tan importante nestes días nos que parece que todo o que se escape dunha opinión colectiva e única é rexeitado e bloqueado.

Pero se cadra, en moitas ocasións esquecemos outra das súas grandes particularidades, a de acompañar as sociedades poñendo o foco nos aspectos máis salientables de cada época, así como denunciar e visualizar as inxustizas e as minorías. Podemos contar por centos os exemplos: dende Goya e a súa sátira á sociedade española na serie “los Caprichos” pasando polas angustiosas pinturas dos expresionistas que prognosticaban os convulsos escenarios bélicos do século XX, rematando na actualidade, con artistas coma Banksy e o seu arte urbano cargado de crítica e ironía.

Foi con esta idea, a de arte coma ferramenta transformadora, coa que o Departamento de Debuxo propuxo crear un calendario ilustrado no que o alumnado puidese, non só amosar as súas capacidades plásticas, senón tamén transmitir unha serie de valores clave para a sociedade que entre todos estamos a construír: coidado pola natureza e o medio ambiente, hábito da lectura e posta en valor das nosas escritoras, rexeitamento da violencia machista e recoñecemento das mulleres científicas, celebración do orgullo que supón que poidamos amar coma e a quen nos pete...

A proposta non semellaba sinxela, e o nivel de responsabilidade era alto; non obstante, os 5 niveis educativos que cursan materias artísticas (capitaneados polas súas profesoras) recolleron a luva e puxéronse mans a obra para plasmar, da mellor maneira posible cada unha destas ideas. O resultado: centos de ilustracións, moitas delas de gran calidade, tanto estética coma conceptual que supuxeron un auténtico quebracabezas para o xurado (formado por alumnado, profesorado e persoal non docente) que tivo que facer a inxusta tarefa de seleccionar as seis imaxes que formarían parte deste proxecto.

Agora, ao entrar nas nosas aulas, sempre poderemos atopar un pequeno calendario que non nos faga esquecer que por riba dos resultados académicos e as cualificacións, están os valores que coma comunidade que somos, debemos coidar, defender e presumir.



e-Roupa

Non sabes que poñerte?
e-Roupa elixe por ti



e-Roupa é un sistema que permite converter un armario de roupa normal nun armario intelixente. Proponche a vestimenta completa máis apropiada para cada día, de maneira moi rápida. Ademais, e-Roupa indícache como debes colocar todas as túas prendas e complementos para ter o armario máis ordenado e mellor organizado.

Micaela
Díaz Muíño



KOSKILOKI

Robot de cóxegas

“Cun sorriso e relax, o robot que dá o máximo pracer”

O robot de cóxegas é un invento mediante o cal podes gozar de masaxes relaxantes.

Natalia Vieitez e
Anaís El Hawary Pérez

www.koskiloki.com

O IES ANTONIO FRAGUAS BAILA AO SON DE MUIÑEIRA, BALLROOM, SWING E URBAN.



O 29 de abril celébrase o día internacional da danza e para conmemoralo, o IES Antonio Fraguas organiza uns obradoiros de baile. Todos os participantes van realizar unha exhibición para amosar ao resto do alumnado todo o aprendido. Nestes obradoiros ensínase ballroom, baile galego, swing e baile urbano a todos o alumnado interesado en aprender algo novo e pasalo ben.

Os obradoiros de baile urbano están sendo impartidos por dúas alumnas de segundo de bacharelato e teñen lugar todos os luns e venres no segundo recreo. Participan ao redor de doce alumnos e alumnas. Están practicando unha coreografía para a canción "Greedy" de Tate McRae. Este obradoiro tivo moi boa acollida por parte do alumnado xa que poden deixarse levar pola creatividade e expresarse libremente.

O obradoiro de baile galego está a cargo da profesora de educación física Sonia Pena, coa axuda dalgúns alumnas que tamén practican esta actividade fóra do centro. Os estudantes que participan nesta actividade poden conectar un pouco máis coas súas raíces e coa cultura galega ao tempo que bailan e desfrutan ao ritmo de muiñeira.

As clases de ballroom ou baile de salón son os mércores no segundo recreo e os venres no primeiro. Todos os estudantes que participan neste obradoiro están a aprender os pasos de baile máis característicos deste tipo de danza, ademais de coñecer xente e socializar coas parellas de baile que lles foron asignadas durante as clases.

Por último, os amantes do swing teñen unha cita os mércores no segundo recreo. Este estilo musical é orixinario dos Estados Unidos e gañou popularidade a finais de 1920 e principios dos anos 30. Foi impartido por Carlos Tomico, un profesor que desenvolve o seu labor docente en Vigo e Santiago e que afondou nos estudos de lindy hop, unha das familias do swing.

Na páxina web do centro podedes atopar unha mostra fotográfica dos distintos obradoiros e facervos unha idea de como se están a desenvolver e do bo ambiente que se respira entre todos os participantes.

Laura Varela Ulla. 3º ESO C

CASTELO DE NAIPES

Un ás de corazóns marca a primeira etapa da vida. Así, acumulando os números máis baixos da baralla creamos a base coa familia, soportando todo o que vén enriba. Despois, montamos varios andares máis, sendo números maiores xa que o tempo vai pasando e os anos non pasan en balde. É ben certo que ás veces non todo parece doado, polo tanto, certas formacións derrúense na montaxe, mais tentamos colocalas de novo polo ben da torre. Ao final, os díxitos máis grandes son os que ilustran o progresivo fin dunha dura vida, aqueles que van marcando o final da experiencia. É un proceso longo, tanto agradable como amargo por momentos. Pero para iso estamos, para vivir e montar o noso pequeno (ou non) castelo de naipes.

Se o pensas ben, quizais houbo moitas boas situacións, quizais non. Agora ben, nalgún momento acábase derrubando todo. A vida non é unha excepción.

Daniel García Fernández. 2º ESO E

1º Premio



PERSPECTIVA

Estou na casa, sentada no meu sofá, mirando pola fiestra. A través do cristal vexo como o vento abanea as follas das árbores, que caen facendo voltas e pinchacarneiros ao chan. As pingas frías e pícaras da chuva péganse á fiestra, facendo que a rúa se vexa borrosa e agrisada, cuberta por un manto branco de algodón do que comezan a caer brillantes folerpas de neve. Saíndo do edificio de en fronte, observo a unha persoa loitando contra o vento para que non leve o seu paraugas. Véxoo correr, saltar, xirar... Pero ao final gaña o vento e o paraugas sae voando.

Decido pechar as cortinas xusto cando se desata unha tormenta, os raios iluminan o ceo creando unha paisaxe semellante á dun claro no medio do bosque, con árbores feitas de nubes e animais de chuva. Penso que é o día máis bonito do mundo mentres tomo unha cunca de chocolate quente e como un pastel. Que poético asemella todo aquí na casa! Quentiña, tapadiña con mantas suaves... Logo decátome de que é martes e teño clase pola tarde. Teño que ir ao instituto andando con esta tormenta. Vaia noxo de día!

Alba Dopazo Guldrís. 2º ESO A

2º Premio



UN DÍA NA COMISARÍA

- Axente, é moi difícil de explicar, foi todo súper rápido.- Di a señora Herminia.
- Pero puido ver a cara do agresor?- Pregunta o policía Román.
- Si,- Contesta Herminia- o seu cabelo era negro da cor do carbón, os seus ollos eran verdes claros e tiña un bigote negro moi peludo.

O policía colle un caderno e un lapis e comeza a apuntar:

- Entón, que foi o que pasou?
- Eu estaba durmindo na miña camiña, el acercouse a min moi silandeiro e de repente comezou a morderme, rabuñarme...- Que medo pasei!
- Isto é máis grave do que pensaba!, imos ir á comisaria para formalizar a denuncia.- Responde o policía mentres se levanta da súa cadeira.

Tocan á porta da comisaria:

- Bos días Ana,- A señora Herminia ten unha longa historia que contar...
- Logo de soltar outra vez todo o relato con pelos e sinais, preguntalle a policía:
- E coñecía vostede o agresor?
- Que ía saber eu de quen era ese gato!

3º Premio



Carme Dapena López. 1º ESO C

QUEN SON?

Espertei nunha habitación que non coñecía, ao mirar ao redor vin que a parede estaba pintada da miña cor favorita, amarelo, e estaba chea dos bonecos cos que xogaba. Non lembraba nada de como chegara alí, en xeral, non lembraba moitas cousas, recordei que onte fora á clase de danza e ao chegar a casa a miña nai fixera filloas para toda a familia. Escoitei uns pasos, comecei a tremer, algo en min dicía que a persoa que ía entrar non tiña boas intencións e unha moza cativa coma min non ten a forza suficiente como para defenderse. Abriron a porta, un home duns 40 anos apareceu cun sorriso radiante, parecía inofensivo, pero tiña que estar alerta. Preguntoume que tal durmira e se tiña fame, non me saían as palabras e o único que puideron facer foi preguntarlle quen era. Ao escoitar esa pregunta vin como unha bágoa caía pola súa faciana, sentín unha mestura de tristura e rabia, quería volver a casa, coa miña nai e cos seus agarimos. Ao ver que non respondía pregunteille cando íamos comer, morría de fame. Sorriu e dixo:

-Nun anaquiño, nai.

E pechou a porta.

1º Premio



Iria Quintela Roo. 3º ESO B

A VISITA DUN MÍSIL

Dez tendas abertas na rúa coloreaban o lugar, con xente sorrindo, pensando ou correndo polo asfalto.

Nove nenos xogando ao fútbol nun recanto, berrando e correndo.

Oito coches pasaban a gran velocidade, deixando só un ronsel de cor con pouco detalle.

Sete árbores bailaban co vento, da dereita a esquerda, e da esquerda a dereita.

Seis sinais na estrada, xa memorizadas por moitos e permitindo o paso aos cidadáns do lugar.

Cinco vellas xogando ás cartas nunha mesa, bebendo e rindo, as engurras nas súas caras contando máis historias ca os seus beizos.

Catro mozos falando e camiñando, gozando do sol e do fin dos seus exames.

Tres papeleiras tamén había: unha chea, outra baleira e a outra esquecida pola xente, cun burato no fondo.

Dúas paradas de buses, unha a cada lado da rúa, baleira a do comezo, e chea a do final, con xente querendo, por fin, chegar á casa.

Un resplandor no ceo, apenas visible co sol.

E, sen máis, xa non quedaba rúa, nen árbores, nen nenos, nen vellas. Nen sequera sinais.

Só cascallos.

2º Premio



Lucía Fernández Pazos. 1º Bach. A

UN PEDAZO DE CELULOSA

Ás veces desexaría ser esa cabicha túa. Tocar os teus beizos, os teus dedos, ser o teu algo aditivo,

que me leves da man e non teñas medo. Pero despois esperto e penso que non quero ser o motivo polo que contamines a auga dos meus mares e quedarme coas ganas dunha última calada. Demasiado tempo no mar para algo que mata.

Elsa Rodríguez Vicente. 1º Bach B

3º Premio





1º Premio

Lucía Fernández Pazos. 1º premio relatos Viaqua. Categoría Bacharelato

NA PROCURA

Con pés de chumbo e lingua de lixa, camiñaba Elisa, na procura das súas arelas.

Manto escuro e despexado xa a arroupaban, coa luz das estrelas cantándolle os minutos que quedaban.

Mais era imposible.

Fora a onde fora, non atopaba o seu obxectivo, coa amargura fechándolle a gorxa.

Na praza das Praterías pasou a mañá, buscando algún indicio dela na baleira fonte e preguntándolle á xente pasadía, con voz rouca, se sabían onde atopar un pouco dela.

Polo río Sar pasou a tarde, e puido comprobar como se atopaba no mesmo estado ca Atacama.

E na rúa San Pedro pasou a noite, baixando, subindo, entrando e saíndo, pero nen unha pinga puido ver entre as súas lachas, frías e secas coma demos.

Mercados pechados, bicas enxoitas e xente desesperada polas rúas eran as súas únicas pistas, mais non foi quen de atopar nada dela.

Con pés de osmio e lingua de carbón, Elisa tratou de abrir a porta da súa casa.

A cara cansa da súa nai deulle a benvida.

- Atopaches algo? - preguntoulle.

Elisa suspirou, coa garrafa baleira na súa man, pesando máis ca nunca.

- Nin unha pinga. - respondeulle ela.

ENTRE REGATOS DE NOSTALXIA

Na cidade de Santiago de Compostela que chamaba fogar, os seus ollos eran oasis de melancolía. En cada mirada, lembraba as augas que unha vez fluían con gracia no seu especial Río Sar, como contos rumoreados por regatos antigos. A súa pel, marcada pola sede, ansiaba o toque húmido da choiva que só habitaba nas esquinas máis profundas da súa memoria. Na quietude da paisaxe sen orballo, os seus pensamentos eran regatos de nostalgia que esculpían leitos no terreo árido do seu corazón. Cada palabra que pronunciaba era unha pinga, unha promesa de humidade nun mundo onde a segura devoraba os ecos dos días pasados.

VAIA PENURIA!

Os raios do sol atravesaban timidamente a ventá do meu cuarto nunha mañá fría de abril para anunciar o comezo dun novo día. A calor das sabas convertérase nunha loita interior que gozaba de máis poder que as miñas obrigas matinais. Ata que escoitei a voz da avoa, que non semellaba atoparse de moi bo humor. Encamiñeime ao lavabo tratando de poñer fin a aquela tortura. Inconscientemente abrí a billa e quedei mirando, pasmada, esperando. Pero de alí non saía nin pinga de auga. Era estraño. Pensei que se trataría dunha avaría, pero a realidade ía ser outra. Saín á rúa e un inquietante murmurio brotaba da multitude.

Que facer sen auga? Era posible? Ese ben tan prezado, que nos agasallaba a diario coa súa presenza, desaparecera case como por arte de maxia.

As horas pasaban devagar e o día íase consumindo, agonizando lentamente, ao mesmo tempo que o ánimo de todos nós, co desacougo e a frustración de quen non está afeito a padecer en carne propia tal penuria coma esa.

O mundo parara e ninguén de nós eramos quen de facelo xirar de novo.

ESCULCANDO O FUTURO

Compostela amencía cun sol radiante, a cidade acostuada á constante danza da choiva, anunciaba un día fóra do común.

A auga pasou a ser nun recurso inalcanzable sen previo aviso. As billas das casas deixaron de botar o prezado líquido transparente e o acueduto de Ponte Mantible descansaba do seu labor de transportar a auga ata as fontes da cidade.

Os habitantes de Santiago buscaron desesperadamente outras opcións e escoitábanse suspiros inquietantes nas rúas. Algúns andaban longas distancias en busca de pozos descoñecidos, mentres que outros compartían as súas últimas reservas cos veciños, nun acto espontáneo de solidariedade.

Ante a impotente mirada dos transeúntes, os fermosos xardíns da Carballeira de Santa Susana ían esmorecendo pouco a pouco e a figura de Valle Inclán, sentado no seu banco, parecía expresar o seu lamento en silencio.



1956 - A derradeira viaxe

Tremo do frío. Non podo sentir as pernas, pero teño que aguantar e seguir remando. Cando todo parecía que ía rematar... Unha nova onda pasa por riba nosa. Xa levamos cinco días no bote, e o cansanzo xa puidera con moitos de nós.

Mentras penso nisto, outra ventada ameaza con volcar a nosa pequena e inestable barca, e fai que o latexo do meu corazón acelere tanto, que parece que me vai estoupar o peito. Quen me dera, volver a estar na casa, sentir o cheiro do cuscús, que miña avoa preparaba con tanto agarimo para min. Unha chuvia miúda comeza a darme na cara e faime volver en min. Xa non estou na cociña da miña casa. Estou no medio dun mar cheo de perigos. Un mar que parece que non ten final.

De repente, alguén berra:

-Mirade! Aí hai terra!

Fora o meu home quen albiscara terra. O seu cabelo ondeaba co aire como un gran explorador, pero descubrira unha terra chea de desgrazas. Canto máis nos iamos acercando, mellor podíamos ver.

Unha chea de arames separábanos da nosa falsa utopía. O lugar onde pensabamos que nos ían resolver todos os nosos problemas, ía resultar ser un novo pesadelo.

Martiño Souto Mera





LOLÉ

Esta foto foi sacada arredor de 1960 en Monforte de Lemos. A persoa que aparece nela é a miña tía avoa Lolé, irmá da miña avoa. A súa nai morrera, e vivía coas súas dúas irmás e o seu pai. El quería vivir coma un rico, pero non quería traballar, polo que as súas fillas tiñan que facer todas as tarefas da casa, conseguir diñeiro, e coidarse tanto a si mesmas como ao seu pai. A miña avoa, sendo a maior, tiña que traballar máis ca ninguén, cosendo por encargo, vendendo peixe e facendo a comida. Inda así, eran moi pobres. Tamén era unha época de grandes dificultades económicas, xa que acababan de saír da guerra civil.

Monforte de Lemos é unha pequena vila na provincia de Lugo, que cambiou moito co paso do tempo. Esta foto fíxose na Praza do Campo da Compañía, cando estaba aínda construíndose. Nesta praza, a máis importante da vila, atópase o edificio dos Escolapios, un colexio de curas chegado a Monforte en 1873 que agora se utiliza como igrexa e colexio relixioso.

A miña tía avoa non tivo unha infancia fácil, e a súa idade adulta non foi moito mellor. Era lesbiana, unha cousa moi difícil nesa época, e morreu de cancro no 1984. Non chegou aos 50 anos.


Sabela Ares Rodríguez.
Proxecto Competencial. Curso 2022-23
Premio especial do xurado do VI Concurso: Imaxes do Patrimonio.



LUÍSA VILLALTA

VIDA


Neste 2024, acércase un día importante: as Letras Galegas, e vai dirixido a Luísa Villalta. Foi unha autora moi especial, combinou as súas dúas paixóns, a música e a escritura. Naceu o 15 de xullo do 1957 na Coruña, máis especificamente no barrio de Farrapeara, polo que se aquel 6 de marzo do 2004 non fose o seu derradeiro día, tería agora 67 anos. Descansa agora no cemiterio de Santo Amaro xunto con grandes personaxes, entre eles Eduardo Pondal, Manuel Curros, Manuel Murguía ou Wenceslao Fernández. Rafael e María, seus pais, profesor e comerciante respectivamente, foron quen introduciron a música na súa vida. Esta paixón chegou e decidiu quedarse ata o fin dos seus días. Ía ó conservatorio, onde escollería o violín como o seu mellor compañeiro de vida. Completou os estudos superiores de violín e formou parte da orquestra de Santiago de Compostela. Anos despois unírase ó grupo e folk Escairo. No instituto, decide estudar Filoloxía Hispánica, especializándose en Galego-Portugués. Nesta decisión foi crucial a súa profesora María Teresa, a cal lle contaxiou o amor por este tema. Foi profesora e tódolos días aparecía nas aulas co propósito de inculcarlle ao alumnado o gusto pola lectura e a lingua. Villalta foi unha muller que loitou polo uso do galego xa que como ela defendía: “Se non falamos en galego, quedará no esquecemento e pasará a ser unha cousa máis para aprender nos libros de historia”.



OBRAS

Durante toda a súa traxectoria, deixounos todo tipo de obras: poesía, teatro, narrativa, ensaio, tamén fixo traducións e obras colectivas. Entre elas, as coñecidas obras:


- Música reservada
- Teoría de Xogos
- Ruído
- En concreto




PREMIOS

Luísa, conta con numerosos premios e homenaxes, entre eles:

- I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Premio de Conto Pedrón de Ouro en 1990.
- Premio Espiral Maior de Poesía en 2003, por En concreto.
- A Universidade da Coruña creou o Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras.
- A Deputación Provincial da Coruña creou o Premio Luísa Villalta a proxectos culturais pola igualdade.
- Homenaxe CIRP o 6 de marzo de 2019 en Santiago de Compostela coa conferencia Palabra de Muller.
- En 2022 foi homenaxeada no Día das Letras Galegas polo grupo Segá.
- Día das Letras Galegas de 2024
- Unha rúa da cidade herculina leva o seu nome.



Martiño Souto Mera. 3ºESO C



UNHA LECCIÓN DE VIDA

Un venres de 1979 Lúa volvía para a súa casa despois dunha mañá moi longa de clases. Estaba moi contenta porque xa empezaba a fin de semana e podía descansar, ler e escoitar a súa música preferida.

Non podía imaxinar o que a vida lle tiña preparado. Como pode cambiar a vida dunha persoa nuns segundos!!

Chámome Lúa, e esta é a miña historia :

Vivo soa, coa miña irmá Xoana, que ten 16 anos e o meu irmán pequeno Xosé que ten 3 anos. O noso pai marchou cando eramos pequenos, a que se lembra un pouco máis del é Xoana, que tiña 8 anos, marchou a outro país, a verdade é que non sei por que se foi, a miña nai nunca quería falar-me del, porque a abandonou con dúas fillas e un neno acabado de nacer, é normal que o quixese esquecer. O que sei del é que marchou a Italia e formou unha nova familia. Cando morreu a miña nai, non tiñamos a ninguén. Ben, o noso avó segue vivo, pero vive fóra da cidade, nun pequeno pobo onde non hai nada que facer. Moitas veces a meus irmáns e mais a min mandábannos ir á súa casa nas vacacións de verán para que o noso avó non estivese só, pero aburriámonos coma ostras.

Chamamos enseguida ao noso avó para que estivese ao tanto do que acontecera. En canto soubo que a súa filla morrera veu á nosa casa. O noso avó era unha persoa moi boa, pero cando se enfadaba poñíase como unha furia. Menos mal que nesa situación non se enfadou como noutras ocasións. Entrou todo alarmado, trouxo ao seu can Fermín, que ladrara moi forte, o meu irmán, en canto veu que Fermín ladraba púxose a chorar dunha maneira que nos deixaba xordos. Parecía unha casa de tolos. Intentei poñer orde, pero ninguén me escoitaba. Entón berrei con todas as miñas forzas :

– CALADE !!!

Foi o berro máis forte que botei na miña vida. Pero foi efectivo. Todos me escoitaron, e volvían a berrar, pero xa con menos forza :

– Isto parece una casa de tolos !

E ao momento calaron todos. Eu tamén estaba moi desgustada, como non, quen non ía estalo se a túa nai morrera. Alguén tiña que manter a calma, senón sería moito peor.

Cando pasou todo o barullo, o noso avó levounos á súa casa no campo. Dixéranos que a súa irmá por casualidade estaba de visita, a nosa tía avoa. Non tiña moi claro se íamos a caber todos, porque eramos moitos, pero era una casa moi grande e ampla. Parecía una mansión, o malo era que estivese nese pobo deserto. Se estivese na nosa cidade, estaríamos na gloria. Pero non, estaba alí, como adoitaba chamarlle eu, no pobo fantasma. Entramos e fomos aos nosos cuartos para desfacer as maletas, os meus irmáns durmían xuntos, cousa que fastidiaba moito a Xoana. Xosé necesitaba moita atención, e o meu avó era demasiado maior para coidar dun bebé, sobre todo polas noites. Na nosa casa, non durmiamos nada, absolutamente nada. Xosé non paraba de chorar en toda a noite, e miña nai non o daba calmado.

Sinto moita pena por Xosé, non coñecería o boa que era a nosa nai, medraría sen nai e sen pai. Que inxusta é a vida!

Pero non imos estar toda a vida pensando niso, e que poderíamos facer. Como sempre di o avó, se tocou, tocou.

Todos os meus compañeiros me dicían se podían facer algo para axudarme e eu sempre lles repetía a mesma pregunta : “podedes resucitar as persoas ? ” A resposta loxicamente era que non. Non hai nada que facer.

Hai que aprender a vivir coa dor e seguir adiante, aínda que non queiras. Unha cousa era clara, as cousas nunca máis serían coma antes.

Os mellores anos da miña vida, aínda que poucos, foron os que estaban os meus país, os dous. Eu era moi pequena, tiña seis anos, e aínda me lembro. Era xenial, estabamos sempre os cinco xuntos como unha verdadeira familia, pero dende que o meu pai marchara nada foi igual. A miña nai dende aquela estivo moi triste, non dou superado a marcha de meu pai e a enfermidade apoderouse dela.

Decidín dicirlle a miña irmá todo o que pensaba, porén cheguei á porta e quedei en branco. Non me atrevín. Xoana nunca choraba, é moi raro que chore, e ese día podíanse escoitar os saloucos dende o corredor. E marchei, non sabía que facer nin dicir.

Xa na soidade do meu cuarto, pensei como axudar a miña irmá. Ao cabo de dúas horas decidín poñerlle todo o que quería dicirlle nun texto. E esta é a nota.

Querida Xoana:

A todos nos custa aceptar a perda da nosa nai. Hai que seguir adiante e recordala, sen esquecernos dela. Tes que aceptalo. Non se pode volver atrás no tempo, tampouco facer volver ás persoas que se foron para sempre e non podes ir a onde está ela, tes que mentalizarte que xa non vai volver nunca. Non vale a pena que chores máis, a partir de agora hai que estar máis alegres, porque aínda que custe traballo crelo, está nun lugar mellor. Sabes perfectamente que ela estaba moi enferma e doíalle todo o corpo. Tes que pensar que agora non estará sufrindo. E cando tí morras poderás vela outra vez. Non na terra, senón no ceo.

Lúa.

Ao rematar de escribirla chorei moito, porque o que estaba escribindo tamén é como se fose para min, tamén tiña que escoitar iso, petei na porta do cuarto da miña irmá, deixei a carta por debaixo e marchei correndo para o meu.

Despois dun anaco veu Xoana chorando, entrou e correu a darme unha aperta, foi moi raro, porque a miña irmá e mais eu non é precisamente que nos levemos moi ben, facía moitos anos que non nos dabamos unha aperta, eu a ela si, pero apartábame. Ela pasa de todo, non quería saber nin facer nada relacionado con nós. Deume as grazas por dicirlle todo iso e vai intentar facer o que lle dixen.

Hoxe en día, estou escribindo a miña historia para que todo o mundo ao que lle pase o mesmo non se quede para sempre co pasado e pase páxina, sen esquecer nunca á persoa que morre. Seguirá viva mentres alguén recorde a súa presenza. Mentres nunca a esquezamos, seguirá viva no corazón de cada un.

Irene Touceda Pazo. 2º ESO D. “Cambados Mar de Letras” 2023.

BORBULLAS DE AMOR AMOR REFRESCANTE: A HISTORIA DETRÁS DUNHA COCA-COLA

Burbullas de Amor / Amor refrescante: a historia detrás dunha Coca-Cola

Nunca imaxinaba que un simple xesto cambiaría o rumbo da súa vida. Era un día caloroso de verán e ela, perdida no remuíño da gran cidade, buscaba un respiro. Entrou nunha pequena cafetería e pediu unha Coca-Cola fría.

Mentres gozaba do fresco, a súa mirada atopouse coa dun descoñecido na mesa do lado. El, cun sorriso tímido, ofreceulle un pano de man cando se decatou de que unhas pingas da bebida lle salpicaran o vestido. Ela aceptou, agradecida.

Comezou así unha conversa casual que pronto se converteu nun torrente de confidencias e risas. Descubriron afinidades, atributos inesperados e compartiron soños que nunca lle revelaran a ninguén.

A Coca-Cola converteuse nun cómplice- intermediario silencioso do seu encontro, testemuña dun momento que cambiou as súas vidas para sempre. Ese simple xesto de bondade provocou unha historia de amor que floreceu como burbullas nun vaso.

Dende entón, cada vez que desfrutaban xuntos dunha Coca-Cola, lembraban aquel primeiro encontro e celebraban o poder dos pequenos xestos na vida.

Pasaron os días e as risas convertéronse en complicidade, os soños compartidos en proxectos conxuntos. Xuntos exploraron as rúas da cidade, descubriendo recunchos escondidos e creando recordos que conservarían para sempre.

Con cada grolo de Coca-Cola lembraban aquel primeiro encontro e como un simple xesto de bondade fora o inicio da súa historia de amor. A bebida converteuse nun símbolo dos momentos especiais que compartiron, un recordatorio do poder dos pequenos xestos na vida.

Pero como todas as historias, a súa tamén tivo os seus altos e baixos. Enfrontáronse a retos e obstáculos que puxeron a proba o seu amor e compromiso mutuo. Con todo, cada vez que compartían unha Coca-Cola, renovaban a súa promesa de estar xuntos a través de todo o mundo.

E así, co paso do tempo, o seu amor pola Coca-Cola converteuse nun reflexo do seu amor mutuo: refrescante, efervescente e eterno.

Guillermo Palomo Salgueiro. 3º ESO

CAMBIO CLIMÁTICO



Subo as escaleiras. Baixo as escaleiras. Abro unha porta. Pecho outra. O día na oficina é insoportable. Rocío isto, Rocío aquilo. Aínda que nesta empresa somos preto de mil persoas, ás veces sinto que son a única que existe. Iso ou que son a única que traballa, porque non escoito tanto chamar polos meus compañeiros. Igual tamén ten algo que ver que son a secretaria do director xeral.

-Rocío, tes os orixinais para a xuntanza do xoves?-pregúntame o xefe.

-Si. Vou por eles á fotocopiadora.

Pecho a porta detrás de min e diríxome ás escaleiras. Ben podería coller o ascensor, por suposto, pero non é a primeira vez que alguén me fai sentir incómoda nel. Debe ser porque che son ben feitiña, como di a miña nai. Ao mellor é culpa miña vir tan ben vestida, peitada e maquillada ao traballo. A este traballo claro, no anterior non ía tan amañada. Aínda me lembro da primeira vez que entrei neste edificio, para a entrevista de traballo. Diso xa fai once anos.

Aquel día si que estaba ben amañada, levantárame como catro horas antes para estar perfecta. Levaba o bolso de Gucci que me regalaran os meus

pais cando me graduei. Cheguei ao edificio ás dez da mañá. “A primeira impresión é o que conta” – repetía sempre a miña nai. Iso e o de amosarme moi segura de min mesma.

Ao entrar naquel edificio quedei impresionada. Os espazos eran inmensos, a decoración exquisita e a xente non deixaba de correr dun lado para o outro.

Aquel día tamén collín o ascensor. As pernas tremíanme e tiña ganas de devolver, pero non podía deixarme dominar polo nerviosismo. Se conseguía o posto tería unha prometedora carreira por diante, ademais dun soldo envexable e uns beneficios de empresa moi interesantes. Podería presumir pero, sobre todo, podería vivir moi ben. Nunha das paradas do ascensor nunha planta entrou un dos empregados.

-Bos días, ti es nova por aquí?

-Veño para a entrevista de secretaria de dirección. No décimo andar.

-Pois esperemos que quedes a traballar – contestou mentres ría para si. -. Seguro que fas moitos compañeiros por aquí.

-Grazas. Espero que si.

Os seguintes tres pisos que subimos no ascensor xuntos foron eternos. Sentía as súas miradas

cravadas en cada parte do meu corpo. “Sempre hai un tipo raro nas empresas, sempre. Aquí debe ser este. Non o mires. Ignórao” - pensaba para min.

No último andar atopei de fronte unha mesa xigante cun señor agochado tras unha enorme pantalla de ordenador.

-Bos días, veño para a entrevista para a secretaría de dirección. Tiña a cita para as 10.30h. Son Rocío Boullón.

O home reaccionou ao cabo de varios segundos.

-Claro que si, guapa- dixo mentres alternaba a mirada entre a pantalla do ordenador e as miñas pernas-. Para as 10.30 horas, correcto, mira que ben que es puntual, moi puntual. Así me gusta. Ao señor Souto gústalle moito a puntualidade.

-Si... grazas - contestei nun ton case afogado.

O home levantouse e encarou para o corredor.

- Sígueme - ordenou secamente.

E eu, que sempre fun moi guiadiña, fun detrás del, intentando seguir o paso sen embarullarme entre os tacóns, o bolso e o cartafol chea de papeis.

-Moi ben. Agora esperas aquí e xa te chamarán para pasar a entrevista co señor Souto - Sinaloume uns sofás verdes dentro dunha sala. E entrei, como non.

Sentei. E esperei. E seguín esperando. Un bo anaco. A sala tiña unhas cristaleiras enormes, impecables. Podía verse case toda a cidade desde alí. O primeiro que pensei era que aquilo debía ser o máis parecido a estar no ceo. As primeiras impresións son as que contan, dicía a miña nai. Ás veces as primeiras non son sempre as máis acertadas.

Ao abrirse a enorme porta de madeira apareceu unha muller alta, xa maior, co pelo curto e uns anteollos grandes. Mirou os papeis que tiña entre as mans, miroume e preguntou: “Rocío Boullón?” “Si”, contestei. “Adiante, o señor Souto agárdaa.

O señor Souto estaba sentado no seu imponente escritorio. Nada máis verme sorriu e ergueuse da cadeira.

-Ti es Rocío Boullón, non si?- dixo estendendo o brazo.

-Son. Encantada, señor Souto - dixen mentres estreitaba a súa man.

Os seguintes minutos transcorreron como unha entrevista laboral, abordando os típicos temas de estudos, experiencia, condicións... Nada raro.

-Só un diminuto detalle- indicou xusto despois de confirmarme que era a candidata perfecta. -. Agora que comeza o verán e as temperaturas ascenden recoméndolle levar roupa que transpire máis. Procuramos manter o aire acondicionado por debaixo do que indica a normativa, por aquilo do cambio climático, xa sabe. Fóra garavatas, fóra mangas longas, fóra chaquetas. O compromiso ambiental da empresa, xa sabe, vende moi ben. Responsabilidade social corporativa que lle chaman.

Soltou unha gargallada.

E aquí estou. Once anos despois con roupa de verán “fresca” por aquilo de ser unha muller comprometida co medio ambiente.

Vou polos papeis á fotocopiadora, porque a xuntanza do xoves é moi importante. Coma todas as

xuntanzas do señor Souto.

Baixo as escaleiras e atopo con Miguel, de márketing. Mírame cun sorriso.

-Parece que vai calor non? Podíamos aproveitar o bo tempo e quedar para tomar unhas cervexas ao saír.

-Non grazas. Esta tarde teño outros plans.

-Que mágoa! – di mentres se me achega.- Veña, no bar que hai na beirarrúa do lado.

-Que non!

Saio correndo escaleiras abaixo ata chegar ao andar das fotocopiadoras. No medio do corredor, paro a coller alento. Mentres me apoio coas costas na parede penso se realmente o soldo me compensa os malos momentos. Para que quero cobrar tanto, para que tantos beneficios de empresa se logo o gasto nas horas de psicólogo. Miña nai non acaba de entendelo, di que son algo esaxerada, que sempre houbo xente ruín en todos os traballos. Que algúns homes non poden evitalo, que igual hai que intentar ser máis discreta, adicarse a traballar e punto. Pasar de todo. Si, claro, coma se non o tivera intentando durante estes anos. Pasar paso, pero eles non. Que sempre veñen detrás.

Collo aire e sinto coma se non fose capaz de encher os pulmóns. Igual é outro ataque de pánico. A suor escorrégame polas costas e as coxas trémenme. Cos tacóns tamén resulta máis difícil manter o equilibrio.

“Veña, que a xuntanza do xoves é importante. Hai que levar os documentos” – pensei para min, intentando coller forzas para chegar ata a fotocopiadora.

Os cartafoles estaban meticulosamente ordenados na mesa xunto á fotocopiadora grande, uns enriba dos outros. En total 8 dossiers, un para cada membro do Consello de administración. A xunta do xoves era importante. Cando vin o título da xuntanza, arrepíaronseme os pelos do corpo.

Protocolo de mellora ambiental para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2024-2028

Parece que a empresa quería dar un paso máis no seu compromiso ambiental.

Collín os documentos e dirixinme ao ascensor. Era a hora de volver do café e estaba ateigado. Había miradas lascivas, outras de desaprobación e algunha de envexa. Había de todo, sempre en función de quen mirase. Homes e mulleres.

Por fin cheguei ao meu andar. As portas abríronse e fíxenme paso para saír, camiñando firme cara ao despacho do señor Souto. Petei e abrín, coma sempre. El estaba sentado no seu escritorio, coma sempre. Pero eu xa non era a de sempre.

Deixei os cartafoles sobre a súa mesa cun golpe focho e mireino posuída por un sentimento de ira.

Despois de once anos, aquel día descubrín que as fiestras podían abrirse.

O corpo bateu no chan de forma atronadora.

Aquel día descubrín que non era unha muller moi comprometida co medio ambiente.

Anxo Martínez Filgueira 1º Bach. 1º premio “Cambados mar de letras”.

RECANTO DA POESÍA

Ti

Gústame todo de ti.
A túa mente extravagante,
que acompaña sempre
o teu sorriso elegante.

Irradias emoción e festa,
alegría e felicidade.
Es todo o bo do mundo,
es todo o bo da sociedade.

Lévasme ao paraíso,
coa túa intensa mirada,
esa que me recorda
canto de ti estou namorada.

Icía Túñez Bal. 3ºESO D

Poema de amor

Quérote porque es
doce coma os figos.
Meu amor, se mo pides,
caso contigo.

Valórame como merezo
e cóidame como sabes
porque amor como o noso
pídese nos altares.

Tenme sempre ó teu lado.
Nunca xamais me abandones.
Acórdate sempre de min
e non me gardes rancores.

Lucía Tato. 3ºESO E

Cando non hai lúa chea

Ás veces
penso
que es unha estrela,
unha desas
que fan que brille o ceo
cando non hai lúa chea.

Martina Simón Sexto. 1ºESO D

Raiola

Miña madriña,
quérote tanto!
Que es a estrela
que brilla no meu ceo.

Recordo todos os momentos.
Recordo cada día da miña vida.
Recordo eses sorrisos da miña
infancia
cando todo era felicidade

Aínda que non estás aquí
eu síntote comigo
e se estiveras
sei que o meu mundo cambiarías.

Pablo Mata Castro 3ºESO D

O amor está en todas partes

O amor está en todas partes.
 Pode estar
 nun obxecto, nun lugar, nunha palabra...
 Ao principio non se ve
 pero está aí,
 só tes que fixarte ben
 e encontraralo...

Nesa margarida
 que gardaches de pequena,
 naquela parada
 onde foi o primeiro bico,
 nese cruce,
 na primeira mirada
 nese restaurante,
 no derradeiro sorriso...

Pode estar nesa aperta de mamá,
 nese "ola" dun novo amigo,
 nese libro que che encantou,
 nesa viaxe ou nese partido...

O amor
 pode ser bonito.
 Pode alegrar o corazón.
 Pode doere facer que rompa
 Pero...
 Sempre está aí.
 E nós podemos recibilo,
 e tamén crealo...

Carmen Mendaña Vázquez 1ºD**Identidade**

A miña lingua
 o meu querer
 esa nai que nos viu crecer.

Se eu puidera falar por ti
 a lingua da miña nai
 medraría en ti como fixo en min.

Que somos?
 Que falamos?
 Que representamos?

Somos a morriña dos emigrados
 que marcharon na procura dunha vida mellor.
 Falamos a lingua das nosas avoas
 Representamos as tradicións dos nosos
 devanceiros.

Miguel Vicente Vidal. 1ºBAC D**Unha oportunidade**

No teu sorriso vexo as estrelas,
 oxalá contigo ir velas!
 Teño plans pensados contigo
 pero non quero que sexan coa palabra *amigo*.

Sempre tiven dúbidas de se eras o correcto,
 mais agora téño claro e xa non dubido ao respecto.
 Necesito o teu cariño e a túa atención
 por iso é necesario retomar aquela
 conversación.

Síntome viva cando estamos xuntos,
 xa non me importa o resto do mundo.
 Con isto quero dicirte que preciso resposta,
 o que pase despois xa é cousa nosa.

Mencía García Lois. 1ºBAC A

O NOSO ENTROIDO

Cores, Chocolate e Amizade

No Instituto, O Entroido era agardado con entusiasmo e preparativos dende semanas atrás. Entre os estudantes, a emoción era palpable, e cada día de febreiro amosaba un novo detalle decorativo pendurado nas paredes.

Na mañá do gran día, mentres o alumnado enchía de cores rechamantes e disfraces os corredores, o arrecendo do chocolate quente e os churros frescos invadía cada recuncho. Os estudantes formaban filas ansiosas para compartir esta delicia tradicional, facendo da festa unha experiencia máis saborosa e acolledora.

Nos patios, grupos de amigos intercambiaban risas e chistes, mentres saboreaban o seu chocolate e debatían sobre os disfraces máis orixinais. Algúns atrevíanse a improvisar pequenas coreografías ao son da música, deixando atrás, calquera sinal de timidez ou vergoña.

Dentro das aulas, os profesores, tamén contaxiados do ambiente festeiro, compartían anécdotas e propoñían actividades lúdicas para celebrar o día. As paredes estaban adornadas con grilandas e máscaras feitas á man, creando un ambiente de troula e foliada.

Ao final do día, cos bandullos cheos de churros e o corazón cheo de boas lembranzas, os estudantes despedíanse de don Carnal, pensando xa no vindeiro ano: E de que me vou disfrazar?



Guillermo Palomo. 3º ESO



REMEDIOS VARO

Biografía

Remedios Varo foi unha pintora e escritora española pertencente a xeración do 27 afín ao movemento surrealista. Naceu en Anglés, Xirona, no 1908, no seo dunha familia liberal, o que fixo posible que puidese desenvolver o seu talento artístico. De feito, esta artista foi unha das primeiras mulleres que estudaron na Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid.

En 1932 mudouse a Barcelona, onde traballou como deseñadora publicitaria e se sumou ao grupo surrealista catalán (*Logicofobista*).

O seu marido Péret foi encarcerado por negarse a participar na Segunda Guerra Mundial mentres que as tropas nazis invadían París. Remedios tamén foi encarcerada, aínda que nunca quixo falar do asunto, finalmente foi posta en liberdade e partiu cun grupo de amigos á Francia de Vichy, onde convivía con máis artistas e intelectuais refuxiados.

Tivo que loitar en moitas ocasións para que a recoñecesen só polo feito de ser muller. Talvez por isto, na súa vida de artista destaca a representación da liberdade.

En 1937 viaxa a París xunto ao poeta surrealista francés Benjamin Péret e en 1941, coa chegada dos nazis á capital francesa, exiliouse a México. Nunca regresou a España.

Obra

A obra da pintora é vasta e complexa cun estilo característico e facilmente recoñecible.

Na súa obra aparecen con moita frecuencia figuras humanas estilizadas facendo tarefas simbólicas. Como muller está considerada unha artista da alquimia dedicada a facer revivir mundos que na súa pintura xorden dos contos de fadas e de mundos imaxinarios e fantásticos.

Da súa obra, *Ascensión al monte análogo* de 1960 a artista comenta:

Como veis, ese personaje está remontando la corriente, solo, sobre un fragilísimo trocito de madera y sus propios vestidos le sirven de vela. Es el esfuerzo de aquellos que tratan de subir a otro nivel espiritual.

Os seus lenzos están realizados coa minuciosidade dun ourive e reflicten a unidade cósmica e as interconexións entre diferentes planos da realidade: a materia e o espírito, no mundo animal, o humano e o vexetal. Outro dos seus grandes temas, que fascinou aos surrealistas, é o da muller maga, máis ligada ao inconsciente que os homes e dotada de poderes superiores.

As súas obras tiñan como tema principal o surrealismo, que consiste nun movemento artístico e literario que intenta sobrepasar o real impulsando o irracional mediante a expresión do pensamento o do subconsciente.

Este movemento é coñecido polas súas artes visuais e a súa escritura mesturada para obter unha imaxinación inusual. Os artistas pintaban imaxes desconcertantes e ilóxicas, a miúdo cunha precisión fotográfica, creando estrañas criaturas de obxectos cotiáns e desenvolvendo técnicas pictóricas que permitían desvelar o subconsciente.



TAMARA DE LEMPICKA

“Pinteí reis e prostitutas. Non pinto a unha persoa porque sexa famosa, pinto aos que me inspiran e me fan vibrar” (Tamara de Lempicka)

Sofisticada, podente, trouleira, e única, a pintora ruso-polaca Tamara de Lempicka gozou como quixo entre champaña, vestidos suntuosos e retratos. Viviu unha infancia e unha adolescencia acomodadas, recibindo educación formal nun internado en Lausana, Suíza. Esta artista, referente esencial da Art Déco, foi toda unha revolución no mundo das artes plásticas de inicios do século XX.

Grazas a unha viaxe por Italia coa súa avoa na cal percorreron todos os museos que puideron atopar nas cidades de Florencia, Roma e Venecia, comezou a dar forma ao estilo artístico que máis tarde patentaría, pois a contemplación das obras dos pintores do Renacemento italiano suporía unha influencia decisiva na súa vocación e obra, volvendo unha e outra vez a Italia en busca de inspiración.

Cando tiña tan só 18 anos casou co avogado ruso: Tadeusz Lempicki, con quen desfrutou de gustos ostentosos, carruaxes e una vida chea de excesos, foi no ano 1916, cando o gran Imperio Ruso deu o su último suspiro. A situación era tan alarmante que o tsar Nicolás II anunciou que deixaba o goberno en mans da tsarina Alexandra para ir á fronte e dirixir a guerra en persoa. A tsarina declinou o goberno en mans do corrupto Rasputín, quen acabou coa mínima posibilidade de que o réxime tsarista sobrevivise. Ademais, a mobilización industrial proporcionara un duro golpe á economía, dado que os campesiños non podían exportar os seus produtos e negábanse a vender alimentos no mercado libre, o rublo carecía de valor... Por todo isto e moito máis, Rusia víase ameazada pola fame.

O seu marido foi detido polos bolxeviques, pero Tamara conseguiu que ambos puideran fuxir a París, onde a súa irmá Adrienne, vivía. Alí, a súa parente consanguínea que ademais era defensora da liberación da muller e a igualdade co home en dereitos e obrigas, dálle un consello que a fixo mudar de perspectiva: “Fai unha carreira e non terás que depender do teu marido”.

Posteriormente Tamara especializouse na creación de retratos, dirixidos a clientes da alta sociedade parisina e da aristocracia europea. Os seus retratos caracterízanse por figuras alargadas, liñas xeométricas, cores brillantes e contrastes.

Un dos retratos máis famosos é o seu propio autorretrato nun Buggati verde. Este cadro considérase un cántico á emancipación feminina que ela mesma protagonizou na súa vida. Lempicka retrátase como unha muller independente e moi elegante, conducindo un Bugatti verde, considerado un dos coches máis potentes dos anos vinte. Contémplase a posibilidade de que fora creado como unha homenaxe a Isidora Duncan, bailarina que morreu afogada pola estola que levaba cubrindo o seu pescozo ao quedar enredada na roda do Bugatti que conducía. Cargado de influencias da pintura clásica e mesturadas con trazos do cubismo, coma o debuxo preciso e firme que delimita as formas e planos xeométricos, que podemos apreciar na estola arredor do seu pescozo. A obra de Lempicka é inconfundible “Entre cen cadros, é posible distinguir os meus.” dixo a artista. Nunca deixa ningún espazo baleiro e as súas pinturas acostuman a ter unha mirada sosegada, mesmo arrogante. As cores que predominan son o verde e distintos tons de gris, ambos moi brillantes. Ademais na composición teñen un papel fundamental os contrastes de luces e sombras. Por outra banda a obra representa fielmente o espírito dos anos vinte e a figura feminina. Xa que esta comenzo a ser una peza clave da modernidade, pois as mulleres durante a Primeira Guerra Mundial eran as encargadas de ocupar traballos destinados unicamente a homes.

Lempicka pasou longas xornadas no Museo do Louvre, empapándose da obra dos mestres. Pero sen dúbida a súa maior inspiración foi André Lhote, de quen absorbeu e interiorizou a habilidade para plasmar volume e solidez nas formas, ao tempo que aplicaba algúns dos fundamentos do cubismo e futurismo.

Porén, o que lle fixo alcanzar a fama por toda Europa como artista referente, foi o estilo clásico coñecido como Art Déco. Un estilo simétrico, de liñas rectas e formas rotundas, cargado de cores brillantes e formas xeométricas. Tamén destaca a temática lésbica da súa obra e a gran cantidade de mulleres retratadas. Estes cadros conseguen emocionar ó espectador por esa feminidade encolerizada e complexa que soamente pode expresar unha muller cando fala doutra. Un dos trazos que máis destaca dos seus óleos é a enormidade das anatomías. Isto provoca que o observador se sinta pequeno e impresionado ante a sensualidade e poder que nos chega a transmitir a imaxe. A pesar da forma dos seus corpos e as posturas pouco naturais (cabezas ladeadas, lombos arqueados, ombreiros elevados...) as pinturas son capaces de emanar tal erotismo e grandiosidade que sorprenden por que distan moito do tradicionalismo e dos convencionalismos da época.



“Temos un instinto profundo, aínda que irracional, en favor da teoría de que a unión do home e da muller aporta a maior satisfacción, a felicidade máis completa.” escribiu Virginia Woolf. Nas obras de Lempicka tal pensamento rexéitase inmediatamente, pois foi a encargada de levar á arte a mulleres que fumaban, que conducían e que bebían. Ese era, de feito, o carácter e a fama da propia Tamara de Lempicka, unha amante das festas e de los excesos, declarada bisexual e coleccionista de amantes. Grazas a súa pintura contribuíu á loita das mulleres pola emancipación e liberación social, buscando posicionarse ao mesmo nivel que os homes.

Relacionouse con algúns dos artistas e escritores máis importantes da época, incluíndo a Pablo Picasso, Jean Cocteau y André Gide. Tamén tivo amizade con mulleres influentes da época, como a deseñadora de moda Elsa Schiaparelli. Grazas a quen vestiu numerosas pezas de roupa caracterizadas pola extravagancia. Anos despois a súa influencia e obra inspiraría os grandes deseñadores da industria da moda como Karl Lagerfeld, coleccións de Dolce & Gabbana, Versace. Tamén espertou a curiosidade de artistas actuais coma a cantante Madonna, que incluso incorporou elementos da estética da pintora polaca nos seus vídeos musicais “Express Yourself” (1989) e “Vogue” (1990).

Se tivera que definir a Lempicka cunha soa palabra sería transgresora. Foi unha muller totalmente adiantada ao seu tempo, unha revolucionaria que dende aquela ata hoxe, é recoñecida e eloxiada mundialmente.

Foi vítima de abundantes críticas polo seu ritmo de vida excéntrico e cheo de excesos. Aínda que probablemente tales críticas foran dirixidas polo simple feito de ser unha muller artista. “Vivo nas marxes da sociedade, e as regras da sociedade normal non se poden aplicar a aqueles que viven no límite” dixo a estrela. Pois naquel momento os homes eran os encargados de crear, mentres que as mulleres a súa inspiración. Romper tal estereotipo implicaría, obviamente, un escándalo social. Lempicka faleceu en 1980 en México, despois de pedir que as súas cinzas foran esparexidas sobre o cráter do volcán Popocatépetl, así pois podemos dicir que chegou a un final tan férvido coma a súa personalidade.

Carla Pereiro Díaz. 1º Bach. C

MARUJA MALLO



Ana María Gómez González, artisticamente coñecida como Maruja Mallo, foi unha pintora surrealista que pertenceu á Xeración do 27, así como unha importante creadora que viaxou por todo o mundo e se relacionou e formou amizade cos grandes artistas da época.

Naceu en Viveiro, Lugo en 1902, e faleceu en Madrid en 1995. En 1913, a súa familia (composta por 13 irmáns) trasladouse dende Lugo ata Avilés, de onde partiu en 1922 cara Madrid, que se encontraba en plena renovación dos xéneros artísticos e sociais máis antigos.

Comenzou a estudar na Academia de Belas Artes de San Fernando, e fíxose amiga de Salvador Dalí, quen a presentou ao resto dos compoñentes da Residencia de Estudiantes, lugar de encontro de moitos intelectuais. Entre eles destacan Rafael Alberti, o cal lle dedicou o famoso poema *La primera ascensión de Maruja Mallo al subsuelo* e foi definida por Dalí como “mitad marisco, mitad ángel”. Debido aos seus principios, Maruja acaba abandonando a Academia en 1926, porque ela era ante todo libre.

Xa respectada como un membro da Xeración do 27 pasou noites de lería, acompañadas de poesía surrealista con Dalí, Lorca e Alberti, co que mantivo unha relación romántica que inspirou a ambos.

Nesta mesma época, intelectuais como Federico García Lorca, Salvador Dalí e Margarita Manso, xunto con Maruja idearon o movemento de “Las Sinsombrero”. Un día, paseando pola Porta del Sol, en Madrid, decidiron quitar o sombreiro como símbolo de protesta. Máis alá de ser un xesto anódino (tanto homes como mulleres levaban sombreiro na rúa), e a pesar de que máis tarde nunha entrevista Maruja confesaba que o fixeron “para desconxestionar las ideas”, a sociedade madrileña percibiu esta acción como un acto propio dos rebeldes e homosexuais, polo que os autores foron insultados e incluso asaltados con pedras.

E décadas despois, deu nome ao movemento de emancipación das mulleres característico da Xeración do 27.

En 1928 fai a súa primeira exposición en Madrid nos salóns da Revista de Occidente, cedida por Ortega y Gasset, que tivo unha grande influencia na súa obra e recoñeceu o seu valor.

Maruja Mallo compartiu 5 anos de efervescencia cultural xunto a Rafael Alberti, beneficiándose ambos no plano artístico, Alberti nos seus sermones y moradas, nos que realiza transcricións poéticas dos cadros de Mallo, e incluso algúns dos poemas de *Sobre los ángeles* están inspirados directamente nas obras de Maruja. Ela prepara os decorados de *Santa Casilda* (1930) e *La Pájara Pinza* (1932), e xunto con Alberti participa na edición de *Yo era un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos* (1929), dedicado aos cómicos do cine mudo, e ilustrado pola pintora.

Despois do debut de Rafael no periódico ABC, foxe a Mallorca xunto coa escritora María Teresa León, e Marisa cae nunha crise persoal.

O primeiro que chama a atención da súa xuventude é que non se parece en nada ás mulleres dos pintores impresionistas. Mallo transformou a figura feminina da época, presentando a unha muller dinámica, libre de restricións sociais. Buscou unha nova linguaxe pictórica que proxectara unha nova



muller, que a dotara de novos significados e valores. A súa consagración artística chega o ano da súa crise persoal pola ruptura con Rafael Alberti.


En medio desta sufriu un accidente de tráfico que case lle custa a vida. Os seus cadros volvéronse escuros, sombríos, confluindo coa Escola Vallecas.

A esta época pertencen a materia en descomposición, osamental, despozos e elementos da natureza que aluden ao personaxe castelán. Destacan Basura, 1930 e Tierra de excremental, 1932. Totalmente diferentes aos da década dos 20, a súa etapa colorista, onde os cadros destacaban polas temáticas máxicas e cosmopolitas.

A principios da década dos 30 entrou en contacto cos artistas da Escola de Vallecas, e comencara a facer a súa serie Cloacas y Campanarios, que representa a súa traxectoria máis próxima ao surrealismo. Tanto así, que foi profundamente admirada en París por Paul Elouard, e incluso o pai do movemento adquiriu un dos seus lenzos, El espantapájaros, 1929. Alí contacta con Miró, Picasso, de Chirico e Magritte, alcanzando gran prestixio internacional.

A finais do 32, cando regresa a España adopta unha postura na que as ideas revolucionarias e o compromiso coa República pasan a primeiro plano. Volve a vivir outra gran historia de amor con Miguel Hernández, e volveu a servir de inspiración nos poemas Imagen de tu huella, incluídos en El rayo que no cesa, no que mostra a súa satisfacción, e o pesar por unha relación á que a pintora dou por finalizada.

Mentres tanto fomenta a súa relación cos surrealistas en París e Londres, participando en diversas misións pedagóxicas. A guerra estalla en Galicia e vese obrigada a emigrar a Bos Aires, coa axuda da embaixadora de Chile en Lisboa. Feito que lle axuda a dar a coñecer a súa pintura en Brasil, Argentina e Estados Unidos.



En 1939 publica Lo popular en la plástica española a través de mi obra, e empeza a pintar retratos femininos, pero o que máis destaca é Canto de las espigas, a súa obra máis coñecida, a vez que as súas aparicións en público van diminuindo. Alfonso Reyes e Pablo Neruda son algúns cos que se relaciona nos seus anos americanos.

En 1962 a única pintora que apareceu na Revista de Occidente, que foi aclamada polos surrealistas franceses, acollida en Sudamérica como unha gran artista e recoñecida en Nova York, regresa a España como unha ninguén, o seu nome foi borrado durante a Ditadura. E non é ata a Democracia que comeza a afastarse o velo que cubría a súa magnífica traxectoria.

En 1982, foi recoñecida polo goberno socialista de España, que lle concede a Medalla de Ouro ao Mérito das Belas Artes e o premio de Artes Plásticas da Comunidade de Madrid xunto coa Medalla de Galicia.



Maruja Mallo pasará á historia como unha muller loitadora e intelctualmente brillante, rompendo estereotipos e moldes para reclamar unha maior relevancia feminina nas elites artísticas españolas. Non deixemos que a súa loita quede no baleiro.

Daniela Viqueira García 1º BACH C

VISÍTANOS UN INSPECTOR!

O ALUMNADO DE ARTES ESCÉNICAS I ESTREA A VISITA DO INSPECTOR DE J. B. PRIESTLEY

O alumnado de Artes Escénicas I (1º Bacharelato D) preparamos, no marco das actividades da materia Artes Escénicas I, a representación da obra A visita do inspector do autor J.B. Priestley, que esperamos poder representar para todos vós a final de curso, e tamén na mostra de teatro Intercentros, na que participa o noso centro dende hai anos.

A obra escollida fai unha crítica social á indiferenza das clases sociais máis altas fronte á miseria e a situación que sofren os traballadores e as clases sociais máis desfavorecidas, e por iso nos pareceu interesante, porque nos leva a facer unha reflexión, moi necesaria, sobre a inxustiza e a desigualdade social. Aínda que está ambientada a principios do século XX, a reflexión que fai é universal e, por desgraza, aínda se pode aplicar perfectamente á actualidade. O argumento céntrase na falta de escrúpulos dos membros dunha familia de clase alta e como reaccionan ao ser acusados polo Inspector de ser responsables do suicidio dunha moza obreira de clase baixa.

O elenco de actores está formado por: Lucas Rivas, no papel do Sr. Birling; Sheila Villar, no papel de Sheila; Carolina Vilar, como Eric; Alba Veiga, como a Sra. Birling; Juana Suárez- Llanos, interpretando ao Inspector Goole, Ana Martínez, como Edna e Ana Villaverde, no papel de Gerald. En canto ao equipo de produción, responsable de todo o que está detrás da obra, contamos con Adriana Rodríguez na Dirección, Hugo Penas como Axudante de Dirección e un grupo de compañeiros que se encargaron de todo o demais, formando un completo Equipo de Produción (luz, son, vestiario, escenografía, etc.). Aquí participaron: Paula Gómez, Ángela Cabo, Ainara Fungueiriño, Julia Provincial, Guillermo Valladares e Camila Barros, cada un encargado de facer unha tarefa diferente. O texto foi adaptado, reducido para un tempo de representación axeitado, e este traballo fixérono Adriana Rodríguez, Hugo Penas e Juana Suárez- Llanos, coa supervisión lingüística da nosa profesora de Galego Anxos á que agradecemos a súa xenerosa colaboración. Ademais, montamos tamén un equipo de making-of, que prepara un vídeo no que se recollen fragmentos de ensaios e outros momentos para documentar como se realizou toda a produción. Ademais de poder participar no programa Intercentros presentando a obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela, esperamos tamén poder representala ao final de curso no noso centro para todos vós.

Finalmente, queremos facer unha mención e dar as grazas á profesora Guadalupe García porque foi grazas á súa colaboración que conseguimos participar no programa Intercentros, e así poder sacar a obra do Centro e lavalas nada menos que ao Teatro Principal. Estamos moi emocionados e moi agradecidos por esta oportunidade que se nos ofrece, xa que a obra está producida por nós mesmos e iso foi para nós un gran esforzo e un gran traballo. Aprendemos moito no proceso e fixémoslo con ilusión, por iso esperamos que o público que a vexa goce da representación e aprecie o noso esforzo, e desculpe de ser o caso, calquera fallo que poidamos cometer.

ENTREVISTAS

A continuación presentamos unha síntese das entrevistas que fixeron os compañeiros Julia, Guillermo e Camila a algúns dos membros do equipo e á profesora Lupe García, como parte do traballo de making-of.

As primeiras entrevistas foron cos actores, empezando por Lucas Rivas que interpreta ao Señor Birling e quen di que non se sente identificado co seu papel debido a que é un home adulto cunha mentalidade cerrada e elitista, con pensamentos misóxinos e que non amosa empatía algunha cos seus empregados. Tamén fala sobre a súa preparación para meterse no personaxe e poñelo en escena: “abro o guión, leo unhas frases e xa sae só, pero non é tan doado, debes meterte no papel e iso foi o que máis me custou, identificarte cun personaxe co que non coincides, nen na forma de ser nen na forma de pensar.”

Conversamos a continuación con Juana Suárez-Llanos que interpreta ao personaxe principal, o Inspector Goole. Séntese moi identificada con el porque ten un carácter serio e misterioso: “É divertido representar a un personaxe así, ao coincidir coa súa forma de pensar é máis doado identificarse coa personaxe e meterse no papel”.

Falamos tamén cos directores, Adriana Rodríguez e Hugo Penas, que están moi ilusionados coa posibilidade de chegar a representar no Teatro Principal (vaia privilexio!). Tamén lles agradou moito estar ao fronte dun equipo tan estupendo, traballar cos actores e co resto do equipo foi un reto moi emocionante, xa que se sentiron respectados como directores e están agradecidos por iso. Estar ao mando non sempre é doado!, comenta Adriana.

Todos están de acordo en que está sendo unha experiencia única. Os ensaios e a preparación desfrútanse moito, aínda que non todos os días sexan bos e tamén se sufra un pouquiño, ao final compensa. Erros hainos, pero sempre se intenta mellorar, e iso é o importante, aprender dos erros e mellorar no proceso. Se algo non sae ben, con esforzo, dedicación e a axuda dos compañeiros, acaba saíndo adiante.

E, finalmente, a última entrevista foi á profesora Lupe, coordinadora do EDLG do IES Antonio Fraguas, sen cuxa axuda non teríamos conseguido ir ao Principal. Escoitamos atentamente todo o que nos contou sobre a historia do Intercentros e a participación do noso instituto. Contounos que Intercentros é unha mostra que foi creada fai nada menos que uns 30 anos! Comezou sendo un certame, o que quere dicir que os grupos de teatro de cada instituto de Santiago representaban as súas obras nun instituto, no salón de actos. Logo, un xurado decidía que representación era a mellor e a gañadora representaba no Teatro Principal de Santiago. Actualmente iso cambiou e pasou a ser unha mostra, para que todos os centros e todos os grupos de teatro tiveran a oportunidade de representar no Teatro Principal.

Segundo a experiencia persoal de Lupe, a actividade paga moito a pena. Para ela o teatro transforma ás persoas e axúdanos a medrar como tales. Cóntanos que veu alumnado cambiar moi positivamente grazas ao teatro; considera que é unha arte que axuda a mellorar a autoestima, a seguridade nun mesmo, e que da facilidade de expresión oral e tamén escrita. Nós confirmámolo, é unha arte moi completa sen dúbida. Concordamos con Lupe, á que reiteramos o noso agradecemento, xa que se trata dunha experiencia única e moi enriquecedora.

Así que, xa sabedes, animádevos co teatro!

**Alumnado Artes Escénicas I.
IES Antonio Fraguas. Curso 2023-2024**

O IES ANTONIO FRAGUAS E AS SÚAS AGRUPACIÓNS CORAIS:

Sabemos que a música vai ben con todo, pero cantarmos xuntos é moito máis que unha actividade escénica ou que un grupo de mozos/as que se reúnen para cantar: é unha ferramenta educativa de primeira orde. Nun coro apréndese a traballar en equipo, hai esforzo e respecto aos/ás compañeiros/as, cos seus diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade de voces do grupo. Por encima de todo, o coro é unha oportunidade para mellorar a nosa autoestima por medio da voz, algo que á fin e ao cabo é algo que todos sentimos como parte da nosa identidade, algo íntimo e persoal.

O pasado curso 2022-23 no Fraguas comezou por vez primeira a impartirse a materia de Bacharelato de nova creación, "Coro e Técnica Vocal". Xa houbera unha agrupación coral fai anos no IES con alumnado voluntario que acompañaba ao grupo de teatro do IES. Durante estes dous cursos, este labor lévao a bo porto o Departamento de Música, con moita ilusión de poder retomar esta actividade musical, e, durante este curso, non só temos CORO I e CORO II como materias nos bacharelatos de Artes, senón que estase a impartir un "Taller coral" para achegar esta actividade grupal a todos/as aqueles estudantes que tamén queren cantar xuntos, pero non cursan a materia de Coro. O resultado: un grupo de cantantes que ensaian nos recreos e algún martes ao mediodía e xa teñen actuado varias veces en público. Ata a data de hoxe, os 3 grupos corais acompañaron ao grupo "Teatrando" na conmemoración do 25N, no día da Paz e visitando os colexios da zona.

No mes de abril, unha representación dos coros de bacharelato serán os/as únicos/as estudantes de Compostela participantes no encontro coral "Ourencanto", no cal, durante 3 días 400 rapaces/as da comunidade convivirán e cantarán xuntos coordinados por un dos compositores e directores máis relevantes do panorama internacional, para rematar as xornadas cun concerto final no Auditorio de Ourense.

Parabéns á profesora Olga Veiga pola dedicación e o traballo desenvolvido!



Día da paz no Fraguas - teatrando e coro de 1 Bach Artes: O grupo de teatro "Teatrando" do IES A. Fraguas posa trala actuación o pasado 30 de xaneiro, conmemorando o día da non violencia. Contaron coa interpretación musical do tema "No dudaría", a cargo de estudantes de Coro de 1º de Bach Artes.



Actuación de Teatrando e Coros no CEIP Monte dos Postes. : saída didáctica aos coles CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes. O grupo de teatro “Teatrando” representou nos centros escolares varias obras de teatro ante os alumnos/as de primaria de ambos centros. Contaron coas actuacións musicais do “Taller Coral” do Fraguas e de estudantes de Coro dos bacharelatos de Artes.

Equipa igualdade, teatrando e Coro no 25N foto de grupo no acto do 25N levado a cabo pola Equipa de igualdade, “Teatrando” e estudantes de Coro e do Taller Coral. 25 Novembro na EGAP.



Quero igualdade”, estudantes do Taller Coral e de Bacharelato de Artes cantando xuntos a canción “Quero respecto, quero igualdade”. Acto do 25N a cargo da Equipa de igualdade e “Teatrando”.

Coro bacharelato: alumnado do Bacharelato de artes, materia de “Coro e Técnica Vocal” interpretan o tema “No dudaría” no CEIP Monte dos Postes




CLUB DE CIENCIA FRAGOLIÑ@S!

Este curso 2023/24 continuamos, por sétimo ano consecutivo, co “Club de Ciencia” do IES Antonio Fraguas, actividade que pretende motivar e aumentar o interese do noso alumnado polas ciencias, desde un punto de vista práctico e ameno. O profesorado participante pertence aos departamentos de Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía, e contamos con alumnado de todos os niveis da ESO.

Dada a elevada participación, levamos a cabo diversos agrupamentos segundo a complexidade das actividades e o número de alumnos e alumnas axeitado para cada una delas.

A continuación recolleemos algunhas das actividades desenvolvidas nos dous primeiros trimestres do curso:

- O alumnado de 1º e 2º de ESO achegouse ao mundo dos fractais e preparou 256 tetraedros de Sierpinski coa fin de construír unha árbore de nadal diferente, formando pirámides de catro tetraedros primeiro, e con cada catro destas pirámides montáronse outras de 16. A árbore fractal foi decorada con outras figuras e adornou a entrada no noso instituto este nadal.



- O alumnado de 3º e 4º de ESO rotou, en dúas sesións, polos laboratorios de Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, para a realización de diversas prácticas que achegan conceptos e contidos básicos de ambas disciplinas de forma divertida. Por exemplo: separación das clorofilas presentes nas espinacas mediante cromatografía, separación de mesturas de diferente natureza, ou a análise da presenza de amidón en alimentos, entre outras. O alumnado de 3º ESO tamén simulou o proceso da dixestión humana a gran escala, reproducindo cada un dos pasos de dito proceso desde a entrada do alimento pola boca e formación do bolo alimenticio, ata a expulsión das feces. Por outra banda, o alumnado de 4º ESO meteuse no papel do CSI para investigar unha “morte” por envelenamento, analizando os alimentos de varias posibles ceas e detectando, mediante os reactivos correspondentes, as biomoléculas presentes no contido gástrico do “falecido”.

- Co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11F), o alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO participou nunha xincana deseñada polo profesorado que consistía en superar diversas probas relacionadas coas diferentes disciplinas científicas para descifrar nomes de mulleres científicas relevantes e relacionalas con algunhas das súas achegas. Posteriormente, este mesmo alumnado encargouse de buscar información sobre a vida de diversas mulleres científicas da exposición temporal que tivemos no centro, preparou cartolinas resumo e transmitiu dita información ao resto de compañeiros do club. Un grupo ofreceuse voluntario para levar a cabo unha actividade de divulgación sobre estas científicas en diferentes grupos de 1º ESO.



Así mesmo, e para poñer en valor a importante contribución de Rosalind Franklin ao coñecemento do ADN, o alumnado de 4º ESO levou a cabo a extracción de ADN a partir de diversas froitas e, posteriormente, deseñou cartolinas explicando a estrutura da dobre hélice do ADN reproducindo dita estrutura con gominolas.

- A participación de alumnado de 3º e 4º de ESO no Proxecto Micromundo da Facultade de Farmacia da USC, coordinado por Trinidad de Miguel Bouzas (área de Microbioloxía). Este proxecto tiña como obxectivo a procura de novos microorganismos produtores de antibióticos de hábitats naturais. Trátase dun proxecto de Aprendizaxe-Servizo (ApS) dentro do proxecto internacional Small World Initiative para o descubrimento de antibióticos, amparado pola Sociedade Española de Microbioloxía e Farmacéuticos Mundi (Farmamundi), unha ONG de cooperación ao desenvolvemento, acción humanitaria e de emerxencia con experiencia na promoción da saúde integral e a axuda farmacéutica. Ao longo de 4 sesións, alumnado do 2º curso do Grao en Farmacia impartiu talleres ao noso alumnado baseados no manexo de placas de cultivo, crecemento e illamento de bacterias produtoras de antibióticos que, no futuro, poderían empregarse para a produción de novos fármacos para combater infeccións bacterianas. Deste xeito, aproximouse ao alumnado o problema actual da resistencia a antibióticos á vez que contribuíu a un proxecto real de investigación de ámbito internacional.
- Actualmente atopámonos organizando o Día da Ciencia que se celebrará no mes de maio, e no que tanto alumnado do Club de Ciencia coma outros grupos das diferentes materias de ciencias de toda a ESO e 1º Bach serán monitores de numerosos experimentos e/ou explicacións científicas sobre fenómenos interesantes.

DI K NON - PARTE I

O proxecto DI K NON é unha iniciativa que pretende educar á mocidade a través de testemuñas reais sobre o consumo de drogas.

Recentemente, un grupo de Psicoloxía e outros compañeiros tivemos a oportunidade de ser partícipes deste proxecto, que recomendo persoalmente. Ofrecéronnos unha visita guiada ao cárcere de Teixeiro, na cal puidemos ver as celas. Encerráronnos durante 10 minutos para poder vivir unha experiencia real do que é estar alí. Sinceramente, pareceume unha experiencia dura, dixéronnos que estaban encerrados unhas 15 horas sen contacto con outros compañeiros, sen contacto con ningunha outra persoa e sen poder saír dese pequeno cuarto. Tamén sabemos que durante o día realizan diferentes actividades, teñen ximnasio, biblioteca, música, pero seguen sendo presos que están condicionados a realizar unha serie de actividades diarias seguindo uns horarios moi estritos. Iso non é vida, están presos, non son libres.

Sen dúbida a actividade que máis me gustou e que na miña opinión a que máis pode concienciar sobre o consumo de drogas é que se nos permitiu pasar un tempo cos internos para que nos contasen a súa experiencia e a súa historia coas drogas, todos comezaron de xeito semellante, pero a conclusión é que todos, a pesar da súa historia, a pesar do seu círculo social, acabaron no cárcere do mesmo xeito por mor dunha mala decisión que tomaron ou ben baixo os efectos das drogas ou por buscar cartos para conseguir máis.

Este punto paréceme importante porque os seus testemuños demostran que aínda que penses que non che vai afectar, non vou acabar así ect, as drogas son moi perigosas, son moi adictivas, moi difíciles de deixar, e non só prexudican á persoa que as consume, senón tamén ao seu entorno, á súa familia. Moitos comentábanos que o máis duro non era que non puidesen marchar senón o feito de que a xente que quedou fóra, fillos, irmáns, nais, país... non sabían como estaban alí dentro e pasábano realmente mal xa que as visitas son escasas e moita xente no pode pagar os gastos de desprazamento, ao non vivir preto.

A visita foi a un módulo no cal ingresaban voluntariamente, é dicir, os presos decidiron estar alí en busca de renovación, reforma e quizais nun futuro, poder ter a oportunidade de comezar unha nova vida.

Quizais visitando este módulo, que ten unhas instalacións mellores e máis amplas, non semellan tan difíciles como é en realidade. O cárcere non é un paseo, é un lugar duro, no que calquera de nós pode acabar, non está tan lonxe como pensas, non é difícil acabar alí, unha mala decisión é suficiente.

Esa é a mensaxe coa que me quedo desta visita, que non debo pensar que iso non me pasará a min; unha mala ou parva decisión por presión social, buscando encaixar ou chamar a atención, pode marcarme a vida para sempre.

Ainara Quintela Landeira. 2º Bach. B

DI K NON - PARTE II

O Centro Penitenciario de Teixeiro foi testemuña dun acontecemento conmovedor que deixou unha fonda pegada nos asistentes, especialmente naqueles estudantes de Psicoloxía que tiveron a valentía de afondar na crúa e triste realidade das adiccións. Baixo o nome de “di k non”, este traballo desafiou as percepcións preconcebidas sobre o consumo de sustancias e abriu os ollos a moitos a unha verdade incómoda: as drogas, incluso as consideradas “inofensivas” como o tabaco, o alcohol e a marihuana, poden ter consecuencias devastadoras, que afectan non só aos individuos, senón tamén á sociedade no seu conxunto.

Os testemuños escoitados durante a visita non só foron aterradores, senón tamén reveladores. Persoas que, nalgún momento da súa vida, quedaron atrapadas na presa da adicción, compartiron as súas experiencias, deixando ao descuberto as cicatrices emocionais e físicas que lles inflixiron as drogas. Pero o que máis sorprendeu foi darse conta de que esta xente, na súa maioría, nunca imaxinaba que algún día acabarían tras as reixas nun centro penitenciario. Na mente de cada espectador resoa a frase “Nunca pensamos que algún día poderíamos estar aquí presos”, lembrando a fragilidade da nosa propia existencia e a facilidade coa que podemos caer na trampa da adicción.

É fácil caer na trampa de minimizar os riscos asociados ao consumo de drogas, sobre todo cando se trata de sustancias socialmente aceptadas como o alcohol e o tabaco. Porén, o que este traballo deixou claro é que ningunha droga é inofensiva e que todas poden ter graves consecuencias, tanto para o individuo como para o conxunto da sociedade. O tabaco, coa súa aparencia enganosa de ser unha adicción controlable, pode dar lugar a enfermidades respiratorias e cardiovasculares que acurtan a vida de quen o consome. O alcohol, coa súa penetración na nosa cultura, pode provocar adiccións devastadoras que destrúen familias e comunidades enteiras. E a marihuana, a miúdo percibida como unha droga benigna, pode ter efectos prexudiciais sobre a saúde mental e o funcionamento cognitivo a longo prazo.

É hora de que cambiemos a nosa percepción do consumo de drogas e recoñezamos a alarmante realidade que se agocha detrás da súa aparencia enganosa. A prevención e a educación son esenciais para abordar eficazmente este problema. Debemos comezar por proporcionar información precisa e honesta sobre os riscos asociados ao consumo de drogas, mesmo aqueles que moitas veces se pasan por alto. Ademais, é fundamental ofrecer recursos e apoio ás persoas que loitan contra a adicción, tanto dentro como fóra do sistema penitenciario.

En definitiva, “di k non” foi un poderoso recordatorio de que as decisións que tomamos poden ter consecuencias profundas e duradeiras. Nunca debemos subestimar o impacto que as drogas poden ter nas nosas vidas e na sociedade no seu conxunto. É o momento de afrontar esta realidade con valentía e determinación, traballando xuntos para construír un futuro onde a adicción sexa a excepción, non a norma.

Javier Candal Antúnez. 2º Bacharelato B

DI K NON - PARTE III

Era a unha menos dez, uns minutos antes de que a conversa comezara. Entraban en grandes cantidades a maioría dos integrantes da charla: 4º da ESO, xunto a membros da clase de Psicoloxía de 2º Bach e algúns poucos afortunados.

No salón de actos todo era un inintelixible barullo mentres a xente tomaba asento. Todo o mundo estaba expectante e desexando que comezara, preguntándose que aspecto terían os aínda descoñecidos presos.

A charla comeza e, como se fora un cárcere de verdade, as autoridades (os profesores e as encargadas da charla) intentan poñer orde. Explicánnos a finalidade do encontro: un obradoiro antidrogas, xunto a romper estereotipos sobre o cárcere. Todo isto con testemuños veraces dos, neste momento, aínda descoñecidos presos. Tomar conciencia contra as drogas e a formación do pensamento crítico, os obxectivos do departamento de Filosofía. Explicánnos a sorte que ten o instituto de poder ter este obradoiro, conseguido grazas á petición feita á fundación Forges.

A presentación acaba cun gran aplauso, dando comezo á primeira actividade, unha obra de teatro protagonizada polos presos. A obra comeza con música coa interpretación muda dos presos, que están enmascarados. É unha metáfora de como as drogas che quitan todo o que tes na vida, ata posuírte completamente. E remata con outro esplendoroso aplauso, revelando finalmente o aspecto dos presos.

Agora veñen os testemuños, comezan cun vídeo, no cal escoitamos voces dos presos, algúns, dinnos, xa falecidos, na súa errada loita contra as drogas. Todos os testemuños contan historias de vidas rotas e cheas de arrepentimento, tanto que se atopan nun módulo carcerario centrado na loita contra as drogas como última opción. Tras os testemuños gravados veñen os vivos, testemuños nos que a cada falante cústalle dicir cada palabra que sae da súa boca, mentres as bágoas comezan a caer dos seus ollos, notando como a medida que recordan o seu pasado e as súas decisións a súa faciana e as dos seus compañeiros comezan a arrubiarse, ás veces non logrando manter a mirada, mirando constantemente ao chan e ao teito, intentando, sen poder, conter as bágoas, cheas de arrepentimento.

As miradas do público, ao comezo riseiras, facendo chistes entre si e comentando o recreo, mudan ao longo da charla, mentres ollan, imaxinan como sería a súa adolescencia e como arruinaron a súa vida cando tiñan os mesmos anos ca os que estabamos alí.

Terminan os testemuños, con aplausos tan fortes como para apagar ao concerto máis grande.

Pasan os días, e na mañá do dezanove de marzo, tras unha longa viaxe en autobús, chegamos ao centro penitenciario de Teixeiro. Para esta segunda parte do obradoiro, só estabamos os membros da clase de psicoloxía de 2º Bach xunto algúns privilexiados do mesmo curso.

Entramos no centro, no que, tras entregar as nosas identificacións, procedemos polo detector de metais, adentro do cárcere non se aceptan teléfonos, lapis, e case ningunha cousa, o control é tan estrito que unha vez dentro do recinto onde se atopan os módulos carcerarios, tras pasar unha ponte, hai salas nas que hai que esperar que se peche unha porta para poder abrir outra.

Cruzando o patio central podemos ver presos cortando o céspede, xunto a un vello campo de

fútbol, os muros están cheos de pinturas e algúns presos pasean por alí. Unha vez chegados ao noso módulo, temos no comedor unha pequena presentación sobre como funciona a vida no módulo, como teñen distintas actividades e obradoiros propios, obrigatorios para os membros. Este módulo antidrogas é un ao que hai que elixir ir, habendo lista de espera dentro do cárcere, estando os presos illados completamente dos outros módulos, tendo leis de pacifismo e cooperación estritas se queren seguir alí, a súa única esperanza contra as drogas.

As cousas alí funcionan como fóra, con cartos, os cales son necesarios para obter máis comida, poder facer chamadas e ter pequenos caprichos como un café, unha televisión ou tabaco, permitido neste módulo para a sorpresa dalgúns dos visitantes.

Amósannos as diferentes estancias dentro do módulo: o seu pequeno patio, a súa pequena biblioteca, a súa anana aula de música e o seu tamén pequeno taller. Pasamos dez minutos encerrados dentro de celas reais para saber como se senten vivindo nese minúsculo habitáculo o oitenta por cento dos seus días.

Tras ver o módulo enteiro, procédese á parte máis importante do obradoiro, divididos en grupos, atopámonos en habitacións sentados en círculo cos presos, a soas, sen profesores e sen ningún tipo de vixilancia. Pódese preguntar de todo e a sinceridade abraiante dos presos, contando a verdadeira realidade neste recuncho aparte e aparentemente esquecido do mundo, unha visión que ás veces, contradí a versión oficial que se nos dera ao longo da visita.

A visita termina cun pequeno concerto dos presos, cantando varias cancións, entre elas o himno do módulo, composto por un preso que xa levaba un longo tempo fóra do cárcere. Tras o concerto, á saída, somos agasallados con pulseiras feitas á man polos presos.

Saímos do cárcere percorrendo o mesmo camiño de volta, máis ao igual que ao final da primeira parte do obradoiro, o ambiente cambiou a máis inquedo, non sabendo aínda que facer da experiencia.

Atópome un mes despois pasando a limpo esta reportaxe, e aínda non sei que facer da experiencia, e sospeito, que nunca o saberei.

Daniel Collazo Rial. 2º Bach.



PANDEMIA SILENCIOSA: A EDUCACIÓN SEXUAL A TRAVÉS A PORNOGRAFÍA

Os adolescentes da era dixital sabemos que calquera pregunta que nos formulen, xa está resolta nalgún portal virtual. E coñecemos o que podemos atopar en internet. Por conseguinte se nos apetece ver algún contido para ter un momento íntimo, bástanos con abrir unha pestana en incógnito e pór no procurador calquera páxina porno que saibamos, por anuncios, amigos, ou algún que outro “meme” nas redes sociais.

No inicio, non lle atoparemos nada de malo. Tan só son unhas películas cuxo propósito é un encontro sexual; e nas que os “actores” están aí voluntariamente, e os únicos colectivos visibles que están na contra son organizacións sectarias e/ou ultrarrelixiosas.

Por isto, gustaríame explicar por que o porno está afectando á miña xeración; por que é a ferramenta de educación sexual á que recorreremos e por que e como as familias e institutos deberían tratar de arranxar esta situación.

Estou seguro de que na inmensa maioría de casos o argumento que escoitamos contra o porno é ridícula. Leva existindo anos, pero non só contra o porno, senón, en xeral, con todo o que teña que ver coa sexualidade. Ese argumento pobre non vén doutro lado que o puritanismo. O puritanismo, é unha corrente do pensamento cristián que consiste en manter a pureza moral bíblica en todos os ámbitos da vida. Isto inclúe os valores que inculca sobre como debemos desfrutar a nosa sexualidade. Consisten en, esencialmente, non desfrutala e censurar dramaticamente todo o que teña que ver un mínimo co corpo humano, aportando que é algo “impuro”, “malo” e “daniño”, sen aportar ningún motivo. Isto antes, cando a igrexa tiña poder e ninguén podía cuestionar o por que do que predicaba, calaba na xente. Podían sentirse culpables até por, simplemente, explorar o seu corpo. A día de hoxe, coa perda de influencia relixiosa, para a maioría dos adolescentes, este argumento non é o suficientemente forte nin consistente, polo que, acertadamente, apartámolo por absurdo.

Aínda así, desbotada a nosa primeira barreira inmediata, o tabú do sexo, transmitido en gran parte pola xeración dos nosos avós e pais, non afondamos máis no asunto. Ningún de nós ve a primeira de cambio o escuro mundo que pode traer consigo a pornografía, principalmente, porque as páxinas porno son as que se encargan de darnos o contido dun xeito que sexa difícil cuestionar se o que estamos vendo está ben ou non, ou que podería haber por detrás da pantalla.

Por que sucede isto? Por que, nós, os adolescentes, usamos o porno coma ferramenta de aprendizaxe, cando hai métodos moito máis fiables?

Sinxelamente porque esta información que inevitablemente imos procurar, non nola dan nin na casa, por vergoña a falalo, e tampouco no instituto. Ademais, a única perspectiva, fóra do porno, que senos dá sobre o sexo son as consecuencias negativas, todo o terrible que nos vai pasar como teñamos unha relación sexual (ETS, embarazos...). Pero nunha sociedade onde non hai unha educación sexual apropiada, a pornografía é o, aparentemente, único libro de instrucións. É tal o problema queo 50% dos adolescentes admiten usar o porno coma única ferramenta de educación sexual, e o 90% admiten que o ven con certa frecuencia.

Para min, non ten sentido algún que a media de idade para comezar a consumilo é aos 11 anos ou que ata o 17% dos nenos de 8 anos consomen porno, mentres que, as charlas sobre educación sexual que recibimos son, no caso de recibilas, sobre preservativos e embarazos. Ninguén nos ensina que facer,

excepto o porno. E acabamos tomando unhas películas coma a verdade.

O 8% da poboación global é adicta á pornografía, que aínda que non o poida parecer, estamos falando de que hai case tantos zurdos coma adictos ao porno. Esta nova enfermidade, axudada polo auxe dos portais pornográficos, ten efectos moi similares á dependencia de substancias estupefacientes, cambiando, por conseguinte, o funcionamento correcto do noso cerebro. Xa que dende incluso os 8 anos podemos estar expostos á pornografía, penso que sería vital ir informando dende a infancia sobre que é o sexo, adaptándose a cada idade. Por que ninguén lle ensina aos nenos máis pequenos que é o consentimento? Por que ninguén lles fala de cal é o proceso para todo iso que adoitan preguntar: “de onde veñen os nenos?”.

Evidentemente que non podes darlle a mesma explicación que lle darías a un rapaz de 12 anos. Pero si podemos achegarnos á realidade o necesario para que, dende que sabemos que non é impensable que accedan á pornografía, teñan ferramentas para discernilo da realidade. Que polo menos se van consumila, que saiban que realmente están consumindo e todas as consecuencias negativas que caen cando a tomas coma unha ferramenta de aprendizaxe.

É extremadamente perigoso que aprendamos que a excitación sexual vén das condutas que perpetúa a pornografía, e que, coma resultado, só poidamos ter relacións sexuais dese xeito.

As relacións sexuais pornográficas, non sempre van ser heterosexuais. O que si que sempre vai haber son uns roles fixos: “pasivo” e “activo”, limitando o sexo a unha actividade onde individuo A vai someter a individuo B. O rol de activo vai imitar o home e os estereotipos que leva: forte, dominante, agresivo, grande... Mentres que, o pasivo, vai imitar estereotipicamente á muller: delicada, pouco movemento, submisa, tímida... Co que, por moito que non sexa sempre heterosexual e/ou cisnormativo ao 100%, sempre nos vai deixar coa ensinanza de que, todo o que nos lembre a unha muller, é algo que debemos menosprezar.

Como di a propia definición, a sexualidade é algo social, que escollemos; é dicir, libre. Pero coma todo, pode deixar de selo se permitimos que nos fagan pensar que temos que seguir un modelo inquebrantable, e que todo o que está fóra diso, é algo malo, raro ou directamente “menos bo”. E ese é principalmente o problema da pornografía, que nos fai crer que temos que seguir un modelo, ademais violento, para poder ter unha relación satisfactoria. É, precisamente, ao ser unha formación social que a sexualidade é, como mencionara antes con outras palabras, algo educable. É tal a violencia cara as mulleres neste tipo de vídeos, tal a indiferenza que sofren que parece que cada vez aos homes nos importa menos o pracer delas. Isto débese ao falocentrismo que nos inculca o porno, crenza popular entre os adolescentes que nos fai crer que o sexo xira entorno ao pene e tamén é o factor máis valioso da relación sexual, e que sen a súa presenza non podemos desfrutar do mesmo xeito do sexo.

Pero nós seguimos sen ter a culpa disto. Ninguén nos ensina outra cousa, e o porno déixanos unha falsa sensación de coñecemento sobre o tema.

As consecuencias tamén son moi negativas para os homes, aos que tampouco nos deixa desfrutar libremente da nosa sexualidade. E se nos atrevemos a saír minimamente desa marxe feita para eles, seremos cruelmente xulgados pola nosa parella sexual. Especialmente, nunha relación heterosexual, onde a presión de ser “masculino” é aínda máis forte. Pero quen nos ensina aos homes que na cama teñen dereito a ser libres e poder escoller o que queren coa súa sexualidade? O porno dende logo que non.

Ademais, a pornografía quere meternos na cabeza que os nosos corpos han de seguir un canon estrito e inmóbil. É por isto que o porno “normal” sempre vai ser protagonizado por un home cis e

unha muller cis cuns corpos preparados exclusivamente para a toma que van gravar. Rara vez verás a unha muller trans actuar se non é dentro da categoría “travesti” ou “transexual”. Rara vez verás a un home negro actuar se non é na categoría “negros”. Rara vez actuar a unha persoa non binaria se non é nunha categoría que a ridiculice, se directamente chegan a ser visibles no porno. Rara vez verás unha relación homosexual fóra da categoría de “homosexual” ou “desviado/a”.

Isto provoca que cando saes dos estereotipos nos que educou o porno a túa sexualidade, desprecen o teu corpo e non se vexa nin coma algo digno de erotismo. Non nos sentimos mal co noso corpo cando vemos que o que o porno ensina coma “o desexable” non é o que nos temos exactamente? O porno ensínanos a ser agresivos e a non ter en conta os desexos e praceres da nosa parella. Ensínanos unha nova forma de sexualidade falocentrista e cisheteronormativa. Limita a nosa imaxinación pautando paso por paso o que debemos facer. Constrúe unha capa de inseguridade sobre os nosos corpos. Xera expectativas irreais sobre o que debería pasar. Simplifica o sexo, que case é insípido. Tan alarmante é a situación que segundo o Ministerio de Interior, por exemplo, a violencia sexual aumentou un 71,1% na última década entre a xuventude, por responsabilidade directa do aumento excesivo de consumo de pornografía.

En poucas palabras, debemos quitarlle ao porno ese poder que ten para decidir sobre a liberdade á que temos dereito sobre a nosa sexualidade. Somos nós quen debemos e podemos escoller que ou quen desexar, sempre que claramente e expresamente, sexa consentido. Non podemos seguir admitindo que eduque sexualmente á rapazada tendo uns resultados tan nefastos en nós e as nosas relacións sexuais.

Isaac Expósito Domínguez 4º ESO B



MENSAXES XEADA 2024

-Kevin, gustoume moito ser a túa amiga. Por sempre así!

-Para a profe Anxos: Gústame a túa forma de explicar e a túa forma de vestir. J.C

-Para Martina de 1º D. Es unha das mellores persoas que coñecín. Grazas por ser ese escintileo de luz que me fai feliz. Quérote!

-Para Anxo Castro Quintela. Coñézote dende hai tempo e sacáchesme de moitas situacións complicadas. Por iso e por moitas razóns quero dedicarche esta mensaxe. Alieníxena 64

-Frida Vizoso de 2º ESO. Grazas por ser a miña mellor amiga dende pequenos. Alumno de 1º ESO C.

-Para Catdevor. Bo xogador e humilde que fixeches un libro de terror e fas que non pelexemos.

-Querida Luana. Levo meses contigo no pensamento. Si, xa sei que tes mozo, pero non podo evitalo. Att.es

-Para a profe Laura. Voute botar de menos para o curso que vén, polos suspensos dos exames, polos exercicios e os exames tan difíciles...Espero que me aprobe a avaliación final. Un bico, profe!

-Noa, encántame que me deas bocata de milanesa!

-Javier de 1º C. Aínda que sempre teña fame e eu comida lle dea, é un bo amigo. Pedireille os donuts!

-Encisa director, es o mellor!!!

A VISITA DO INSPECTOR

8 de maio
10:30

Teatro Principal

Santiago
de Compostela

A GAIVOTA

7 de maio · 18:00 h
Teatro Principal
Santiago de Compostela

Tantometén

Presenta



Gustavo Dieste

7 de maio 12:00 h
Teatro Principal
Santiago de Compostela

Teatrando...a corazón aberto.

É un grupo teatral, familia, de máis de 50 alumnos e alumnas de entre 12 e 17 anos e 4 profesores/as do noso centro, o IES Antonio Fraguas. De orixes diversas, de cursos distintos, xuntámonos os martes a mediodía para interpretar, operar abrindo o corazón, expoñendo os nosos sentimentos e contamos historias de maltrato, de violencia, de discriminación, mais tamén de amizade, humor, fantasía! Emocións que extraemos nunha operación sen anestesia, con poucos medios, en salas diversas e concurridas. Transplantamos as desazóns do noso tempo para tornar palabras que sandan feridas de vida!

a corazón aberto
teatrando

IES ANTONIO FRAGUAS
7 de maio-2024
TEATRO PRINCIPAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

